

O IMPACTO SOCIOECONÓMICO DOS PRINCIPIOS E VALORES DA ECONOMÍA SOCIAL GALEGA



© Foro pola Economía Social Galega (FOROESGAL)

Realizado por Abay Analistas Económicos, S.L.



Equipo de traballo

M^a Isabel Martínez Martín
Rosa Santero Sánchez
Belén Castro Núñez

INDICE

| | |
|---|-----------|
| INDICE | 3 |
| INTRODUCCIÓN | 5 |
| CAPÍTULO I. A ECONOMÍA SOCIAL NO TECIDO EMPRESARIAL DE GALICIA | 9 |
| 1. INTRODUCCIÓN | 10 |
| 2. CARACTERÍSTICAS DAS EMPRESAS E ENTIDADES DA ECONOMÍA SOCIAL GALEGA..... | 10 |
| Distribución por tipo de entidade | 10 |
| Distribución por sectores de actividade | 12 |
| Distribución por tamaño empresarial | 13 |
| 3. ESPECIALIZACIÓN PRODUTIVA DA ECONOMÍA SOCIAL GALEGA..... | 14 |
| 4. A ECONOMÍA SOCIAL GALEGA NO TERRITORIO | 15 |
| Comparativa con outras comunidades autónomas | 15 |
| Localización da economía social galega por provincias..... | 16 |
| 5. O EMPRENDEMENTO NA ECONOMÍA SOCIAL..... | 17 |
| CAPÍTULO II. CONTRIBUCIÓN DA ECONOMÍA SOCIAL Á COHESIÓN SOCIAL E TERRITORIAL | 19 |
| 1. INTRODUCCIÓN | 20 |
| 2. CONTRIBUCIÓN Á COHESIÓN SOCIAL | 22 |
| Ocupación de colectivos con dificultades de acceso ao emprego..... | 22 |
| Mulleres maiores de 45 anos | 23 |
| Persoas maiores de 45 anos..... | 24 |
| Persoas con discapacidade..... | 24 |
| Persoas en situación de exclusión social..... | 25 |
| Persoas con baixo nivel de cualificación..... | 25 |
| Condições de traballo | 26 |
| Traxectorias laborais | 26 |
| Estabilidade na relación laboral..... | 27 |
| Tipo de xornada | 28 |
| Salarios | 29 |
| Igualdade de oportunidades entre homes e mulleres | 32 |
| Fenda salarial de xénero | 33 |
| Excedencias para o coidado de fillos/as ou doutras persoas dependentes..... | 33 |
| Diversidade na dirección | 34 |
| Contribución á existencia dunha oferta ampla de servizos sociais e de servizos educativos | 35 |
| Servizos sociais | 35 |
| Servizos educativos..... | 36 |
| 3. CONTRIBUCIÓN Á COHESIÓN TERRITORIAL..... | 37 |
| Tamaño da economía rural..... | 38 |
| Creación de actividade económica e emprego | 38 |
| Emprendemento no mundo rural..... | 39 |

| | |
|--|-----------|
| Competitividade da economía rural | 42 |
| Diversificación produtiva..... | 42 |
| Estrutura produtiva máis axustada ás potencialidades e necesidades da poboación rural | 43 |
| Mantemento da poboación nas zonas rurais | 45 |
| CAPÍTULO III. VALORACIÓN SOCIOECONÓMICA DO IMPACTO DOS PRINCIPIOS E VALORES DA ECONOMÍA SOCIAL GALEGA | 47 |
| 1. INTRODUCCIÓN | 48 |
| 2. CONTRIBUCIÓN DOS PRINCIPIOS DA ECONOMÍA SOCIAL GALEGA Á COHESIÓN SOCIAL E TERRITORIAL EN TERMOS DE EMPREGO..... | 49 |
| 3. VALOR MONETARIO DA CONTRIBUCIÓN DOS PRINCIPIOS DA ECONOMÍA SOCIAL | 52 |
| 4. O IMPACTO SOCIOECONÓMICO DE ECONOMÍA SOCIAL GALEGA VERSUS ECONOMÍA SOCIAL ESPAÑOLA | 57 |
| CAPÍTULO IV. PRINCIPAIS RESULTADOS E CONCLUSIÓNS | 60 |
| ANEXO I. APROXIMACIÓN METODOLÓXICA AO IMPACTO SOCIOECONÓMICO DA ECONOMÍA SOCIAL EN GALICIA | 67 |
| 1. INTRODUCCIÓN | 68 |
| 2. OBXECTIVO DO ESTUDO | 69 |
| 3. DESENVOLVEMENTO METODOLÓXICO | 69 |
| Fase 1. Identificación de efectos por axentes ou partes interesadas | 70 |
| Efectos potenciais sobre a cohesión social..... | 71 |
| Efectos potenciais sobre a cohesión territorial..... | 73 |
| Fase 2. Medición de efectos..... | 74 |
| Fase 3. Valoración monetaria dos efectos..... | 76 |
| 4. ÁMBITO DA ANÁLISE DO IMPACTO DA ECONOMÍA SOCIAL GALEGA | 76 |
| Delimitación da economía social | 76 |
| Ámbito sectorial e ámbito territorial..... | 78 |
| 5. DELIMITACIÓN DA ECONOMÍA SOCIAL NA MOSTRA CONTINUA DE VIDAS LABORAIS..... | 78 |
| 6. A VALORACIÓN DOS EFECTOS ECONÓMICOS E SOCIAIS DA ECONOMÍA SOCIAL. PREMISAS METODOLÓXICAS | 81 |
| REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS..... | 83 |
| LISTA DE TÁBOAS | 88 |
| LISTA DE GRÁFICOS..... | 90 |

INTRODUCCIÓN

A economía social (ES) ten cada vez maior presenza no debate político, non só a nivel estatal senón tamén internacional, en especial no contexto da Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sostible das Nacións Unidas, onde o compromiso da ES coa consecución dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) é claro (Chaves-Avila e Gallego-Bono, 2020; UNTFSSSE, 2019; Utting, 2018). A pesar do recoñecemento crecente da ES como elemento clave, atópanse algunhas limitacións á hora de visibilizar a súa contribución á sociedade, en parte debido a que esta contribución supera os límites da esfera económica e a que se adentra no ámbito da utilidade e do benestar social, cunha implicación directa sobre a cohesión social e territorial, conceptos de maior complexidade en termos de medición.

O impacto positivo dos principios das entidades da ES discutiuse amplamente na literatura, pero a dificultade de traducilos a efectos cuantificables e valorables atrasou o seu desenvolvemento máis alá da formulación no plano teórico. Nas últimas décadas viuse un crecente interese por comprender o impacto das organizacións alén dos seus resultados económicos para así poder captar outros factores importantes como a súa contribución ao benestar dos seres humanos ou á sostibilidade ambiental, aspectos que non quedan recollidos nas variables tradicionais puramente económicas e financeiras (Duguid, 2017; Barraket e Yousefpour, 2013). Este esforzo forma parte do interese por comprender o impacto global dunha organización e é especialmente relevante naquelas que non teñen unha actividade económica de mercado (asociacións, fundacións, ONG...) ou que, como as empresas de ES, teñen uns valores propios que priorizan as persoas (impacto social) por riba do capital (impacto económico).

Por iso, é fundamental seguir desenvolvendo metodoloxías que complementen o impacto económico ou financeiro de xeito que se visibilice o valor social global e a achega que realizan as organizacións á sociedade, máis alá da actividade económica, e que poidan aproximarse á medición doutros aspectos como a súa contribución á cohesión social ou á cohesión territorial.

No impacto social inclúense todas as consecuencias sociais e culturais para a comunidade de calquera acción pública ou privada que altere as formas en que as persoas viven, traballan, se relacionan entre si, se organizan para satisfacer as súas necesidades (Dufour, 2015). Afondando na medición teórica dese valor social das entidades da ES, Gadrey (2006) vincula a utilidade social á actividade das súas entidades, cuxo obxectivo é contribuír á redución das desigualdades sociais e económicas, loitando contra as diferentes formas de discriminación, desigualdade, marxinalidade e exclusión.

Para cuantificar o impacto social, están a formalizarse diferentes ferramentas¹ para a súa aplicación tanto a nivel empresarial como a nivel sectorial (Duguid, 2017; Christianson, 2015; Retolaza, San-José e Ruíz-Roqueñi, 2015). Con todo, segue sendo un reto e unha cuestión pendente valorar a contribución da ES a algúns dos problemas estruturais abordados polos ODS, como os asociados ao emprego, á igualdade de xénero, aos desequilibrios territoriais e, en termos xerais, á sostibilidade da actividade económica (Borzaga, Salvatori e Bodini, 2017; Ben-Ner, 2018; Castro, Bandeira e Santero-Sánchez, 2020).

¹ Pode atoparse unha revisión de literatura académica sobre a medición de impacto social no Anexo I.

A aproximación á medición do impacto socioeconómico dos valores da ES foi abordada en España **a nivel nacional** (Martínez *et al.*, 2013, Martínez *et al.*, 2019). Os principios da ES proporcionan un marco de análise para o valor específico que esta achega. A partir da hipótese de que estes principios supoñen un comportamento diferencial destas entidades respecto doutras empresas, púidose avanzar cara á súa valoración económica e social. A metodoloxía aplicada á revisión e medición dos diferentes efectos enmarcan estes estudos no grupo de análise de impacto con microdatos, contrafactuais e técnicas cuantitativas, un dos máis completos para poder establecer causalidade na avaliación de impacto. Ambos os dous traballos son pioneiros na monetización do valor dos principios das entidades da ES e, aínda con certas limitacións, a achega á literatura sobre a análise de impacto da ES en España foi moi relevante porque permitiu visibilizar a creación de valor social do sector para a toma de decisións políticas.

Este tipo de análise realizada a nivel nacional non se trasladou a nivel rexional. Con todo, a importancia da ES nas diferentes comunidades autónomas, visibilizada en diferentes libros brancos e en documentos e artigos de investigación, deixa aberta a porta para aprofundar na medición do seu impacto á cohesión social e territorial rexional.

O **obxectivo** deste proxecto é **visibilizar e cuantificar a contribución diferencial que a ES galega realiza no seu territorio a través dun crecemento económico máis sostible**. É dicir, realizar unha análise de impacto que permita coñecer mellor as implicacións que os principios das entidades de ES teñen sobre a sociedade galega e chegar a unha valoración económica deles. A tese de partida é que os principios que comparten estas entidades - primacía das persoas e do fin social sobre o capital- motivan un comportamento diferente ao das empresas mercantís en canto á composición dos seus cadros de persoal, as condicións de traballo, a súa especialización produtiva e a súa localización xeográfica, entre outros. Esta formulación permite realizar unha análise de impacto para coñecer mellor as implicacións que os comportamentos diferenciais entre entidades da ES e empresas mercantís teñen sobre a sociedade, e chegar a unha cuantificación monetaria destes.

Os beneficios da análise de impacto socioeconómico que aquí se aborda son varios. En primeiro lugar, achega información básica que axuda a comprender a envergadura económica e social desa realidade en Galicia. Isto complementa o traballo realizado pola elaboración dos libros brancos da ES galega que dimensiona e explica as características e a evolución temporal das principais entidades que se inclúen, segundo a Lei 6/2016, do 4 de maio, na ES desta comunidade autónoma. En segundo lugar, obtéñense resultados adicionais á cuantificación do impacto: melloran o coñecemento dos efectos da propia existencia da ES e dos axentes (fogares, empresas, sector público, terceiro sector...) que en maior medida se benefician deles; permiten o deseño de programas de apoio máis eficaces; favorecen a difusión da importancia do sector como realidade económica e social, servindo de argumento a favor dos programas de apoio ao sector; e tamén poñen de manifesto as lagoas estatísticas e a carencia de información axeitada para a valoración do sector.

O desenvolvemento deste traballo segue a liña dos realizados a nivel nacional nas publicacións *El impacto socioeconómico de las entidades de economía social* (Martínez *et al.* 2011, 2013) e *Análisis del impacto socioeconómico de los valores y principios de la economía social en España* (Martínez *et al.* 2019), pero tendo en conta a clasificación específica que realiza a Lei 6/2016, do 4 de maio, da economía social de Galicia.

En España, a Lei 5/2011, do 29 de marzo, de economía social, definiu o concepto e concretou os seus principios orientadores: a economía social defínese como o conxunto de actividades económicas e empresariais, que no ámbito privado levan a cabo aquelas entidades que (...) perseguen ben o interese colectivo dos seus integrantes, ben o interese

xeral económico ou social, ou ambos (...). Estas entidades réxense por algúns **principios orientadores** entre os que cómpre salientar a primacía das persoas e do fin social sobre o capital; a aplicación dos resultados obtidos da actividade económica; a promoción da solidariedade interna e coa sociedade que favoreza o compromiso co desenvolvemento local, a igualdade de oportunidades, a cohesión social, a inserción de persoas en risco de exclusión social, a xeración de emprego estable e de calidade e a sustentabilidade; e a independencia respecto aos poderes públicos².

Os **tipos de entidades** que forman parte da ES son: as cooperativas, as mutualidades, as fundacións e as asociacións que leven a cabo actividade económica, as sociedades laborais, as empresas de inserción, os centros especiais de emprego, as confrarías de pescadores, as sociedades agrarias de transformación e as entidades singulares creadas por normas específicas que se rexan polos principios establecidos na norma sinalada. No caso de Galicia, o artigo 6 da citada Lei 6/2016 engade aos anteriores tipos de entidades as **comunidades e mancomunidades de montes veciñais en man común**, ademais de entidades que realicen actividade económica e empresarial, cuxas regras de funcionamento respondan os principios regulados no artigo 5, e que sexan incluídas no **Catálogo galego de entidades da economía social**.

As achegas deste proxecto están vinculadas ao obxectivo principal sinalado arriba e aos obxectivos específicos seguintes:

- Sistematizar e concretar os efectos xerados pola ES clasificados ao redor de dous eixes: a cohesión social e a cohesión territorial.
- Afondar na liña de avance ao redor da utilidade social, non só ofrecendo un maior grao de concreción dos efectos que se encadrarían dentro deste termo senón achegando medicións e valoracións monetarias de moitos deles.
- Incorporar a Mostra continua de vidas laborais (MCVL) como principal fonte de información para o coñecemento da realidade da ES na comunidade autónoma e, sobre todo, como instrumento fundamental para a medición de efectos. A MCVL presenta importantes vantaxes e achega un gran valor engadido á análise.
- Adoptar un enfoque xeral da ES, considerando a totalidade de familias ou tipos de entidades que a conforman, e achegando diferenzas para a ES de mercado³, cando é necesario para a análise.
- Desenvolver unha metodoloxía propia centrada na contrastación empírica dos efectos e na súa medición partindo do comportamento diferencial entre ES e grupos de control conformados por empresas mercantís.
- Por último, abordar a valoración monetaria de gran parte dos impactos identificados, en función da información dispoñible.

O informe estrutúrase en catro capítulos, ademais desta introdución. A continuación, analízase o tecido produtivo da ES en Galicia facendo fincapé en aspectos como as características das súas empresas e entidades ou o seu grao de desenvolvemento por sectores. O segundo capítulo recolle a identificación dos potenciais efectos asociados aos valores da ES galega ao redor de dous eixes: a súa contribución á cohesión social e a súa contribución á cohesión territorial. Os resultados confirman a maioría dos efectos teóricos

² Definición da economía social segundo a Lei 5/2001, do 29 de marzo, de economía social.

³ A economía social (ES) pódese desagregar en economía social de mercado e de non mercado (véxase o informe de Martínez *et al.*, 2019). A diferenza entre ambas é que as asociacións e fundacións quedan incluídas na ES de non mercado, e exclúense da de ES de mercado.

atribuídos a este tipo de empresas e entidades. O terceiro capítulo recolle os resultados en termos de emprego e valoración monetaria dunha parte significativa dos efectos identificados e medidos nos capítulos previos. O informe péchase cun resumo, a modo de conclusións, dos principais resultados obtidos.

Inclúese tamén un amplo anexo que recolle unha revisión da literatura académica máis recente no campo do impacto socioeconómico da ES e a metodoloxía específica que se aplicou para o cálculo do impacto socioeconómico da ES galega presentado neste informe.

**CAPÍTULO I. A ECONOMÍA SOCIAL NO
TECIDO EMPRESARIAL DE GALICIA**

1. INTRODUCCIÓN

Unha das principais dificultades para avanzar no coñecemento da ES é a súa inadecuada representación nas fontes estatísticas e, de xeito particular, nas de información económica. As limitacións estatísticas son especialmente acusadas cando se trata de analizar o seu tecido empresarial (hai certa información para algúns tipos de entidades como as cooperativas⁴, as sociedades laborais ou as confrarías de pescadores, pero outras non teñen representación nas fontes oficiais). Así, a información referida a características básicas das empresas e entidades da ES (tamaño, sector, localización xeográfica) é insuficiente e máis aínda a relacionada coa posición competitiva ou as estratexias empresariais.

Coa finalidade de desenvolver unha análise do impacto socioeconómico dos principios da ES, obxectivo principal deste proxecto, seleccionouse unha fonte estatística, a Mostra continua de vidas laborais (MCVL), na que si é posible, con certas restricións, identificar os traballadores do conxunto de empresas e entidades da ES galega e obter algunha información sobre as súas características. Esta información permite obter unha **primeira panorámica comparada do tecido produtivo da ES galega**.

Con todo, para a lectura e interpretación da información presentada neste capítulo, é importante ter en conta que a análise se apoia nunha mostra de empresas e entidades que teñen unha ou máis persoas empregadas por conta allea o día un de xaneiro de 2018⁵. Neste sentido, non inclúe aquelas empresas que están integradas só por traballadores por conta propia. Esta restrición, aínda que afecta tanto á ES como á mercantil, é moi probable que o faga en maior medida á primeira⁶ e que supoña unha infraestimación das súas cifras básicas referidas a empresas e entidades⁷.

2. CARACTERÍSTICAS DAS EMPRESAS E ENTIDADES DA ECONOMÍA SOCIAL GALEGA

Distribución por tipo de entidade

A ES delimitase pola personalidade xurídica e os principios das empresas e entidades que a integran, daquela un primeiro elemento específico dela é o tipo de entidades que inclúe. A súa delimitación teórica recóllese mesmo na normativa, pero a súa falta de representación nas estatísticas socioeconómicas dificulta coñecer a importancia relativa dos distintos tipos de entidades.

A teor dos resultados do Libro branco da economía social en Galicia e das estimacións propias baseadas na MCVL, **as comunidades de montes son as entidades máis numerosas**, pois representan preto do 40% do total de entidades, seguidas das **asociacións e fundacións** (20,1%), das cooperativas (18,0%), e das sociedades agrarias

⁴ Merece a pena destacar a iniciativa da Universidade Vigo para dar información detallada de cooperativas galegas a través da aplicación SAVES: <https://saves.uvigo.gal/Busca-coop/>

⁵ Esta é unha limitación vinculada á fonte estatística, xa que esta só proporciona información sobre empresas e entidades que son empregadoras de traballadores por conta allea.

⁶ As empresas da economía social, están integradas normalmente por un maior número de socios que as mercantís e, polo tanto, a probabilidade de ter unha ou máis persoas contratadas por conta allea é menor.

⁷ Esta posible infraestimación produciríase só nas cifras referidas a empresas ou entidades xa que nas variables referidas a traballadores/as si se inclúen os traballadores por conta propia da economía social.

de transformación (14,6%). O resto das entidades teñen un peso máis reducido (Gráfico 1).

Con todo, **as asociacións e fundacións aglutinarían máis dun terzo do total do emprego da ES galega (35,5%)**, seguidas das cooperativas (20,2%) e das confrarías de pescadores (17,5%) (Gráfico 2). E o resto das entidades representan porcentaxes de entre o 4% e o 7%.

Gráfico 1. Distribución das entidades da economía social galega atendendo ao tipo de entidade. Ano 2018





Gráfico 2. Distribución do emprego da economía social galega atendendo ao tipo de entidade. Ano 2018




Fonte: elaboración propia a partir do Libro branco da economía social en Galicia (Cancelo y Botana, 2019).

Distribución por sectores de actividade


A distribución sectorial da ES é un dos seus trazos máis distintivos respecto da economía mercantil (Gráficos 3 e 4). A ES amosa unha alta concentración nalgúns sectores como **Cultura e lecer** (aglutina o 19,1% das entidades e o 7,8% do emprego da ES); **Servizos sociais** (17,0% e 21,1%); **Educación** (14,6% e 13,0%); **Agricultura e pesca** (9,1% e 6,2%). Outros sectores concentran una parte significativa del emprego, como Comercio e servizos persoais (9,1% das empresas e o 9,7% do emprego), Industria manufacturera (8,6% e 9,7%) ou Servizos ás empresas (13,7% do emprego, 9,1% das entidades).

Gráfico 3. Distribución das empresas e entidades da economía social por sectores de actividade en Galicia. Ano 2018



Fonte: elaboración propia a partir da Mostra continua de vidas laborais (2017).

Gráfico 4. Distribución do emprego da economía social por sectores de actividade en Galicia. Ano 2018



Fonte: elaboración propia a partir da Mostra continua de vidas laborais (2017).

Distribución por tamaño empresarial

Un segundo e importante trazo característico das empresas e entidades da ES é o seu maior tamaño medio, aspecto que se observa claramente na distribución das súas empresas e entidades por tramos de tamaño. Así, mentres que na economía mercantil o 68,6% son microempresas, na ES a porcentaxe descende ata o 51,2%. Pola contra, o peso das empresas pequenas é 10 puntos porcentuais superior (33,9% fronte a 23,5%); o de empresas medianas acada o 13,1% fronte ao 6,8% na economía mercantil e o das grandes empresas o 1,8% fronte ao 1,2% na economía mercantil (Táboa 1). Este maior tamaño medio empresarial obsérvase tamén no caso de considerar só a ES de mercado (excluíndo fundacións e asociacións).

Táboa 1. Distribución das empresas e entidades da economía social e da economía mercantil por tramos de tamaño en Galicia. Ano 2018. Porcentaxe sobre o total

| | Economía social de mercado | Economía social total* | Economía mercantil (persoas xurídicas e físicas) |
|--|----------------------------|------------------------|--|
| Microempresa (de 1 a 10 traballadores/as) | 55,2% | 51,2% | 68,6% |
| Pequena empresa (de 11 a 50 traballadores/as) | 35,0% | 33,9% | 23,5% |
| Mediana empresa (de 51 a 250 traballadores/as) | 9,3% | 13,1% | 6,8% |
| Grande empresa (máis de 250 traballadores/as) | 0,5% | 1,8% | 1,2% |
| Total | 100,0% | 100,0% | 100,0% |

Fonte: elaboración propia a partir da Mostra continua de vidas laborais (2017).


* Economía social total = Economía social de mercado + Economía social de non mercado

3. ESPECIALIZACIÓN PRODUCTIVA DA ECONOMÍA SOCIAL GALEGA

Pódese definir a **especialización productiva** como o nesgo que a ES ten cara a certos sectores (tomando a economía mercantil como referencia) e pódese aproximar por un **índice de especialización**⁸ que relativice a concentración de empresas e entidades neles.

Se se analiza o índice de especialización sinalado, obsérvase que a ES ten unha forte especialización en **Servicios sociais** (o peso relativo deste sector na ES é 12 veces superior ao que ten na economía mercantil), **Cultura e lecer** (6,5 veces superior), **Educación** (5 veces superior) e **Sanidade** (2 veces superior). Pola contra, a súa presenza é relativamente reducida en Transporte e correos, Comercio e servizos persoais e Outros servizos (o seu peso é só o 40% do peso que este sector ten na economía mercantil). A especialización da ES galega é moi baixa en Hostalaría e restauración, e Telecomunicacións e sociedade da información (o peso destes sectores está ao redor do 30% do peso que teñen na economía mercantil) e máis aínda en Enerxía, auga e xestión de residuos (o seu peso é apenas un 10% do que ten na economía mercantil) (Gráfico 5). O peso da Agricultura e dos Servizos ás empresas son semellantes entre a ES e a mercantil.

Gráfico 5. Especialización sectorial da economía social fronte á economía mercantil. Ano 2018. Índice de especialización (economía mercantil =100)




Fonte: elaboración propia a partir da Mostra continua de vidas laborais (2017).

Se se considera só a **ES de mercado** (sen ter en conta asociacións e fundacións), **as diferenzas respecto da economía mercantil na especialización sectorial son máis**

⁸ Este índice defínese como o cociente entre o peso do emprego do sector i no total do emprego da economía social e o peso do emprego do sector i no total do emprego da economía mercantil, multiplicado por 100.

reducidas pero tamén son significativas. Así, a ES de mercado presenta unha especialización alta en Educación (o peso deste sector é catro veces superior ao que ten na economía mercantil); **Servizos sociais** (2,3 veces superior) e **Agricultura** (1,8 veces superior). A especialización da ES de mercado é tamén relativamente baixa en Telecomunicacións e sociedade da información e Hostalaría e restauración (ambos os dous sectores teñen un peso inferior ao 50% do peso que ten na economía mercantil) (Gráfico 6).

Gráfico 6. Especialización sectorial da economía social de mercado fronte á economía mercantil. Ano 2018. Índice de especialización (economía mercantil =100)



Fonte: elaboración propia a partir da Mostra continua de vidas laborais (2017).

4. A ECONOMÍA SOCIAL GALEGA NO TERRITORIO

Comparativa con outras comunidades autónomas

Atendendo **ao número de empresas e entidades**, a ES é unha realidade económica cun peso significativo no tecido empresarial galego: **5 de cada 100 organizacións do sector privado** (empresas ou entidades non lucrativas) **da economía galega pertencen á ES** (Táboa 2).

No conxunto nacional, o peso da ES ascende a 6 de cada 100 organizacións, pero as diferenzas por comunidades autónomas son moi significativas. En rexións cunha baixa densidade empresarial, a ES ten unha importancia maior. É o caso de Estremadura, onde acadada o 8,8% do total do tecido produtivo ou de Castela e León (7,9%). Noutras comunidades, por razóns históricas, culturais e institucionais, o desenvolvemento da ES é tamén superior ao nacional. É o caso de Navarra (onde representa o 7,7% do tecido produtivo) ou do País Vasco (7,6%). Na Rexión de Murcia, o desenvolvemento foi máis recente, pero acadou valores tamén altos na economía rexional (8,2%). Pola contra, nas Illas Baleares, nas Canarias e na Comunidade de Madrid, o peso da ES nas economías rexionais é relativamente reducido (non supera o 3,7% do tecido produtivo rexional).

Táboa 2. Peso da economía social no tecido produtivo. Detalle por comunidades autónomas. Ano 2018. Porcentaxe sobre o total de empresas e entidades


| | Economía social total | Economía mercantil (personalidade xurídica) | Total |
|-------------------------------------|------------------------------|--|--------------|
| Estremadura | 8,8% | 91,2% | 100% |
| Murcia, Rexión de | 8,2% | 91,8% | 100% |
| Castela e León | 7,9% | 92,1% | 100% |
| Navarra, Comunidade Foral de | 7,7% | 92,3% | 100% |
| Castela - A Mancha | 7,6% | 92,4% | 100% |
| País Vasco | 7,6% | 92,4% | 100% |
| Andalucía | 6,6% | 93,4% | 100% |
| Asturias, Principado de | 6,4% | 93,6% | 100% |
| Rioxa, A | 6,3% | 93,7% | 100% |
| Ceuta e Melilla | 6,2% | 93,8% | 100% |
| Comunidade Valenciana | 6,1% | 93,9% | 100% |
| Aragón | 5,9% | 94,1% | 100% |
| Galicia | 5,3% | 94,7% | 100% |
| Cataluña | 5,1% | 94,9% | 100% |
| Cantabria | 4,7% | 95,3% | 100% |
| Baleares, Illas | 3,7% | 96,3% | 100% |
| Madrid, Comunidade de | 3,6% | 96,4% | 100% |
| Canarias | 3,5% | 96,5% | 100% |
| Total | 6,1% | 93,9% | 100% |

Fonte: elaboración propia a partir da Mostra continua de vidas laborais (2017).

Localización da economía social galega por provincias

A distribución da ES galega é moi semellante á observada na economía mercantil. A provincia da Coruña aglutina o 43,9% das empresas e entidades da ES, e Pontevedra, un 35,5% adicional, acadando en conxunto o 80% deste tipo de organizacións (Gráfico 7).

Gráfico 7. Distribución da economía social e da economía mercantil por provincias. Porcentaxe sobre o total de entidades de cada grupo



Fonte: elaboración propia a partir da MCVL 2018

Tampouco se observan diferenzas significativas no peso relativo que a ES ten nas economías provinciais, que, atendendo ao número de entidades, sitúase ao redor do 5,5% e é lixeiramente inferior en Ourense, co 4,6% (Táboa 3).

Táboa 3. Peso das empresas e entidades da economía social no tecido produtivo galego. Detalle por provincias. Ano 2018. Porcentaxe sobre o total de empresas e entidades

| | Economía social total | Economía mercantil (personalidade xurídica) | Total |
|--------------|-----------------------|---|-------------|
| A Coruña | 5,6% | 94,4% | 100% |
| Lugo | 5,5% | 94,5% | 100% |
| Pontevedra | 5,3% | 94,7% | 100% |
| Ourense | 4,6% | 95,4% | 100% |
| Total | 5,3% | 94,7% | 100% |

Fonte: elaboración propia a partir da MCVL (2017)

5. O EMPRENDEMENTO NA ECONOMÍA SOCIAL

A mostra de empresas seleccionadas permite aproximar a súa antigüidade e identificar **as empresas novas**, definindo estas como aquelas que deron de alta o seu primeiro traballador por conta allea hai **menos de tres anos**, para analizar a través delas os niveis de emprendemento.

Ao redor do 16,5% das entidades da ES son novas, unha porcentaxe moi semellante ao observado na economía mercantil (16,3%). Las diferenzas por provincias, aínda que se dan, son relativamente pequenas e non significativas; con todo, a provincia de Ourense está no 8% na ES mentres que se sitúa en cifras semellantes ao resto das provincias na economía mercantil. Con todo, un elemento que cómpre salientar é que **o dinamismo emprendedor da ES en Galicia é superior ao observado a nivel nacional** (Táboa 4).


Táboa 4. Dinamismo emprendedor na economía social e na economía mercantil. Detalle por provincias . Ano 2018. Porcentaxe de empresas novas sobre o total de cada grupo.

| | Economía social total | Economía mercantil (personalidade xurídica) | Total |
|------------|-----------------------|---|-------|
| A Coruña | 19,1% | 17,0% | 17,1% |
| Lugo | 11,3% | 14,2% | 14,0% |
| Ourense | 8,6% | 17,2% | 16,8% |
| Pontevedra | 17,0% | 15,7% | 15,8% |
| Galicia | 16,5% | 16,3% | 16,3% |
| España | 9,9% | 15,9% | 15,5% |

Fonte: elaboración propia a partir da Mostra continua de vidas laborais (2017).

Respecto aos sectores **que aglutinan os emprendementos**, cómpre sinalar que na ES se observa unha forte orientación cara ao sector cultural e de lecer (actividades artísticas e recreativas) xa que o 44,4% das entidades máis novas se situaron neste sector (2,8% no caso da economía mercantil). Séguenlle en importancia Educación (que aglutina o 20,6% das empresas e entidades novas), e Comercio e servizos persoais (14,3%) (Gráfico 8). A comparación coa economía mercantil pon de manifesto que, en boa medida, as empresas máis novas manteñen a especialización produtiva da ES.

Gráfico 8. Principais sectores nos que se sitúan as empresas novas da economía social e da economía mercantil en Galicia. Ano 2018. Porcentaxe sobre o total de cada grupo.



Fonte: elaboración propia a partir da Mostra continua de vidas laborais (2017).

CAPÍTULO II. CONTRIBUCIÓN DA ECONOMÍA SOCIAL Á COHESIÓN SOCIAL E TERRITORIAL


1. INTRODUCCIÓN

Como se adiantou no capítulo introdutorio, na última década avanzouse na aproximación da cuantificación do impacto socioeconómico desde distintas metodoloxías (Martínez *et al.*, 2019). Neste estudo replícase a desenvolvida por Martínez *et al.* (2011, 2013) e Martínez *et al.* (2019) que se adentra na medición do impacto con contrafactuais, é dicir, estudando o comportamento diferencial das empresas e entidades da ES fronte ás empresas da economía mercantil.

O estudo aquí exposto trata fundamentalmente de avanzar en dúas cuestións: os principios da ES galega fan que as súas empresas e entidades se comporten de xeito diferente?; e, se é así, en que beneficios se traduce ese comportamento diferencial para o conxunto da sociedade?

A verificación do comportamento diferencial da ES galega esixe concretar estas diferenzas en hipóteses contrastables a nivel empírico que, seguindo a metodoloxía sinalada, se agrupan en dous bloques que recollerían a súa contribución á cohesión social e á cohesión territorial. En concreto, a súa contribución á cohesión social vai medir a través da incorporación aos seus cadros de persoal de colectivos con dificultades de acceso ao emprego, as condicións de traballo, a igualdade de oportunidades e a contribución á existencia dunha oferta ampla de servizos sociais e educativos, mentres que a contribución á cohesión territorial se vai contrastar a través da súa achega ao tamaño e á competitividade da economía rural, e do mantemento da poboación nas zonas rurais (Gráfico 9).

Gráfico 9. Contraste do comportamento diferencial das entidades e empresas de economía social en relación á súa achega á cohesión social e territorial




Fonte: elaboración propia.

Co obxectivo de medir os aspectos diferenciais das empresas de ES, deseñáronse grupos de control integrados por sociedades limitadas e sociedades anónimas (que non pertencen á ES) e polos seus traballadores, que **actúan como referentes na medición das peculiaridades da ES**.

Deste xeito, xunto aos grupos da ES, seleccionáronse catro grupos de control integrados por: empresas e entidades, traballadores por conta allea, traballadores por conta allea con información sobre os seus salarios e traballadores por conta allea con información sobre as súas traxectorias laborais (Gráfico 10). Máis concretamente, da mostra de traballadores seleccionáronse, con posterioridade, submostras para a análise dos salarios e das traxectorias laborais, tanto na ES coma nas empresas mercantís. No caso dos salarios, incluíronse só traballadores que estiveron en situación de ocupados todo o ano 2017 e a xornada completa. A submostra para a análise das traxectorias inclúe aquelas persoas que desde o ano 2009 estiveron sempre ocupadas na ES (ver información máis detallada no Anexo).

Os grupos de análise e de control, como xa se sinalou, distribúense de forma idéntica por sector⁹ e tamaño empresarial, controlando así dúas das variables que maior incidencia teñen no comportamento empresarial.

Gráfico 10. Tamaño das mostras utilizadas para a economía social en Galicia e para os seus respectivos grupos de control. Ano 2018



Fonte: elaboración propia a partir da Mostra continua de vidas laborais (2017).

O capítulo organizouse ao redor dos dous eixes que aglutinan as principais achegas da ES á utilidade colectiva: a cohesión social, á que se dedicou o primeiro apartado, e a cohesión territorial, analizada no segundo.

2. CONTRIBUCIÓN Á COHESIÓN SOCIAL

Ocupación de colectivos con dificultades de acceso ao emprego

Entre as potenciais achegas da ES á cohesión social sinálase a **creación de emprego para colectivos de traballadores/as que a miúdo amosan dificultades específicas de acceso ao emprego**, tal e como reflicten as súas maiores taxas de desemprego e os seus maiores períodos de permanencia nel. Na medida en que as empresas e entidades de ES teñen políticas de contratación nas que non só non se discrimina a estes traballadores, senón que, nalgúns casos, a súa contratación é o obxectivo social das empresas (centros

⁹ Igualáronse as distribucións a 2 díxitos da CNAE2009 e para catro tramos de tamaño empresarial (microempresas, pequenas empresas, empresas medianas e grandes empresas). Esta ampla desagregación sectorial permite un mellor axuste á realidade da economía social galega.

especiais de emprego ou empresas de inserción) contribúen a xerar un **emprego moito máis inclusivo**.

A ES, como se amosa ao longo deste apartado, emprega en maior medida ca as empresas do grupo de control mulleres maiores de 45 anos, persoas maiores de 55 anos, persoas con discapacidade e persoas en situación ou risco de exclusión social, sendo este diferencial, xunto coas mellores condicións laborais do seu persoal, o que articula a principal achega destas empresas á cohesión social.

Mulleres maiores de 45 anos

O **grao de feminización do emprego** é inferior¹⁰ na ES ca nas empresas mercantís, aínda que os cadros de persoal contan cunha maioría de mulleres: o 54,3% do total do emprego en ES e o 62,6% nas empresas do seu correspondente grupo de control (Táboa 5). Cómpre salientar que o alto grao de feminización do emprego se debe á especialización sectorial da ES, que se replicou no seu correspondente grupo de control.

Con todo, a presenza relativa de mulleres maiores de 45 anos, as que presentan maiores dificultades de acceso ao emprego, é maior nas empresas e entidades da ES, onde representan o 38,8% do emprego total, fronte ao 33,6% nas empresas mercantís. E a diferenza é tamén significativa no caso das mulleres de máis de 55 anos, que teñen tamén unha presenza na ES lixeiramente superior (13,8% fronte a 13,0%).

Polo tanto, atendendo aos resultados, a ES incorpora maior porcentaxe de mulleres maiores de 45 anos ca a economía mercantil e o diferencial é tamén positivo no caso das mulleres maiores de 55 anos.

Táboa 5. Presenza de mulleres nas empresas e entidades da economía social e nas empresas mercantís. Ano 2018

| | Economía social | Economía mercantil |
|--|------------------------|---------------------------|
| Mulleres. Porcentaxe sobre o emprego total de cada grupo | 54,3% | 62,6% |
| Mulleres de 45 e máis. Porcentaxe sobre o emprego total de cada grupo | 38,8% | 33,6% |
| De 45 a 54 anos | 25,0% | 20,6% |
| De 55 anos e máis | 13,8% | 13,0% |

Fonte: elaboración propia a partir da Mostra continua de vidas laborais (2017).

¹⁰ Todas as diferenzas comentadas ao longo deste capítulo son significativas en termos estatísticos (Contrastes ANOVA para a diferenza de medias ou contraste da khi cadrado) con niveis de significatividade inferiores ao 5%.

Persoas maiores de 45 anos

As persoas maiores de 45 anos atopan tamén especiais dificultades no acceso ao emprego, tal e como amosa o alto peso que neste grupo ten o desemprego de longa duración, dificultades agravadas para o colectivo de traballadores/as maiores de 55 anos.

Atendendo aos resultados da comparativa, este colectivo ten tamén unha **maior presenza na ES ca nas empresas mercantís** (37,9% fronte a 33,0%), diferencial que se observa tanto no grupo de 45 a 54 anos coma no de 55 e máis anos. (Táboa 6).

Táboa 6. Presenza de traballadores maiores de 55 anos nas entidades da economía social e nas empresas da economía mercantil. Ano 2018

| | Economía social | Economía mercantil |
|--|-----------------|--------------------|
| Traballadores/as de 45 e máis. Porcentaxe sobre o emprego total de cada grupo | 37,9% | 33,0% |
| De 45 a 54 anos | 24,1% | 20,3% |
| De 55 anos e máis | 13,8% | 12,7% |

Fonte: elaboración propia a partir da Mostra continua de vidas laborais (2017).

Persoas con discapacidade

Unha das maiores achegas da ES á cohesión social materialízase no emprego de persoas con discapacidade. **A porcentaxe de persoas con discapacidade** (cun grao superior ao 33%) **no emprego das empresas e entidades da ES é do 13,0%** mentres que nas empresas do **grupo de control** acada só o **2,0%**.

Ademais, os traballadores/as con discapacidade da ES teñen características diferenciais que reforzan o seu labor de integración. Así, a porcentaxe de traballadores/as **con maior grao de discapacidade é tamén superior** na ES (o 2,5% ten un grao igual ou superior ao 65% fronte a un 0,5% no grupo de control) (Táboa 7).

Táboa 7. Presenza de traballadores con discapacidade nas entidades da economía social e nas empresas da economía mercantil. Ano 2018

| | Economía social | Economía mercantil |
|--|-----------------|--------------------|
| Traballadores/as con discapacidade (grao superior ao 33%). Porcentaxe sobre o emprego total de cada grupo | 13,0% | 2,0% |
| Grao do 33% ao 64% | 10,5% | 1,5% |
| Grao igual ou superior ao 65% | 2,5% | 0,5% |

Fonte: elaboración propia a partir da Mostra continua de vidas laborais (2017).

Persoas en situación de exclusión social

Outro dos colectivos con maiores dificultades de acceso ao emprego, e no que a ocupación é a vía principal de integración, é o de persoas en situación de exclusión social. **O labor especializado que realizan as empresas de inserción**, un dos tipos de entidades da ES, **é imprescindible para a integración social a través do emprego destas persoas.**

Non foi posible identificar este colectivo de traballadores na MCVL nin tampouco as empresas de inserción, por iso se recorre ás cifras recollidas no Libro branco da ES en Galicia para obter as súas cifras básicas. No ano 2019, había 12 empresas de inserción nas que traballaban 407 persoas, e preto do 90% delas eran persoas en situación de exclusión social.

Persoas con baixo nivel de cualificación

Un dos resultados que se atoparon a nivel nacional nesta contribución, era que a ES ten unha importante presenza de traballadores de baixa cualificación, que son persoas con maiores dificultades na inserción laboral, con altas taxas de desemprego e maiores períodos de permanencia neste.

En Galicia, a distribución do emprego por grupos de cotización, que é unha aproximación á estrutura ocupacional, non amosa diferenzas significativas no emprego de baixa cualificación, que se centraría no grupo de peóns e asimilados, onde o peso que ten na economía galega é do 11,6%, lixeiramente inferior ao peso que ten na economía mercantil (Táboa 8). Con todo, como se verá no capítulo da cuantificación dos efectos diferenciais, o cruzamento do grupo de cualificación coa idade é importante, e cando se exclúe da análise o colectivo de maiores de 55 anos, as diferenzas de baixa cualificación entre a ES galega e a mercantil si son estatisticamente significativas, tendo un valor diferencial fundamental, especialmente nas cooperativas e nas sociedades agrarias de transformación.

Un resultado destacable na ES galega é que se observan diferenzas nos postos de maior cualificación, onde se beneficia os traballadores da ES que ocupa o 28,1% do emprego nas dúas categorías superiores, fronte ao 18,7% das empresas mercantís. Este resultado vai ter unhas implicacións importantes para as retribucións e as traxectorias das persoas que traballan na ES galega, como se verá nas vindeiras seccións.

Táboa 8. Estrutura ocupacional do emprego da economía social e das empresas da economía mercantil. Galicia. Ano 2018

| | Economía social | Economía mercantil |
|--|------------------------|---------------------------|
| 01. Enxeñeiros, licenciados, alta dirección | 13,0% | 8,9% |
| 02. Enxeñeiros técnicos, axudantes titulados | 15,1% | 9,8% |
| 03. Xefes administrativos e de taller | 4,0% | 3,5% |
| 04. Axudantes non titulados | 4,0% | 3,0% |
| 05. Oficiais administrativos | 12,0% | 7,2% |
| 06. Subalternos | 5,2% | 9,7% |
| 07. Auxiliares administrativos | 12,9% | 13,1% |
| 08. Oficiais 1ª e 2ª | 13,9% | 20,6% |
| 09. Oficiais 3ª e especialistas | 8,3% | 12,0% |
| 10. Peóns e asimilados | 11,6% | 12,2% |
| Total Grupos de cotización | 100,0% | 100,0% |

Fonte: elaboración propia a partir da Mostra continua de vidas laborais (2017).

Condicións de traballo

Traxectorias laborais

Co obxectivo de analizar as posibles diferenzas nas **traxectorias laborais dos traballadores por conta allea** da ES, comparáronse estas coas do seu grupo de control, elaborado “*ad hoc*” para esta comparación¹¹ e integrado por traballadores/as por conta allea das sociedades mercantís que formaron parte dos grupos de control nas comparativas previas.

Así pois, a comparación realízase entre as **traxectorias laborais**¹² de traballadores/as da ES e, en particular, na parte da súa traxectoria laboral que se desenvolveu de forma continua na ES, e as traxectorias dos grupos de traballadores/as das sociedades mercantís. Os principais resultados concréntanse nos seguintes puntos (Táboa 9).

a.- Aínda que a duración media das traxectorias analizadas é menor nas traxectorias da ES ca nas da economía mercantil, parece que **o emprego na ES é máis estable**: o 59,7% do seu persoal tivo unha ou máis experiencias de emprego continuadas (non tivo ningún episodio de desemprego) no período analizado mentres que nas empresas mercantís esta porcentaxe se reduce ao 41,7%.

b.- O número medio de episodios de emprego confirman tamén a maior estabilidade nas traxectorias dos/as traballadores/as da ES (que teñen, de media, 3,8 episodios por cada 10 anos de vida laboral fronte a 10,5 no grupo de control).

¹¹ Ver a introdución deste capítulo para maior detalle.

¹² As traxectorias medias están normalizadas pola duración total en cada grupo, ES e mercantil, sendo as primeiras máis curtas ao ser máis restritiva a esixencia de que nunca saíra da súa relación coa ES. Atopárase información máis detallada no anexo metodolóxico.

c. En coherencia co punto anterior, a duración media dos episodios de emprego é superior na ES.

d.- Como consecuencia da súa maior estabilidade no emprego, os/as traballadores/as da ES teñen tamén un **menor número de episodios de desemprego con prestación contributiva e estes son de menor duración media.**

Táboa 9. Traxectorias laborais dos traballadores por conta allea na economía social (1) e nas empresas da economía mercantil en Galicia.

| | Economía social | Economía mercantil |
|---|------------------------|---------------------------|
| Tamaño da mostra (nº de traballadores/as) | 910 | 852 |
| Duración media das traxectorias analizadas (anos) | 6,0 | 8,4 |
| EXPERIENCIAS DE DESEMPREGO | | |
| Persoas con experiencias de emprego continuadas (sen experiencias de desemprego ou inactividade) (% sobre o total) | 59,7 | 41,7 |
| Persoas con unha ou máis experiencias de desemprego con prestación contributiva (% sobre o total) | 20,9 | 37,5 |
| EPISODIOS DE EMPREGO E DESEMPREGO | | |
| Número medio de episodios de emprego (cada 10 anos) | 3,8 | 10,5 |
| Duración media dos episodios de emprego (anos) | 4,6 | 3,8 |
| Número medio de episodios de desemprego con prestación (cada 10 anos) | 1,0 | 2,4 |
| Duración media dos episodios de desemprego con prestación (meses) | 0,9 | 1,7 |

(1) Non inclúe traballadores de empresas de inserción nin de centros especiais de emprego.

Fonte: elaboración propia a partir da Mostra continua de vidas laborais (2017).

Estabilidade na relación laboral

A ES galega presenta un grao de temporalidade semellante ao da economía mercantil no emprego por conta allea. A porcentaxe de traballadores/as con contrato de duración indefinida é do 70,3% nas empresas e entidades da ES e do 70,2% nas empresas mercantís do grupo de control. A temporalidade, característica ligada ao emprego feminino no mercado laboral, presenta un mellor comportamento na ES galega, onde apenas hai fenda de xénero.

Ao analizar a situación dos colectivos de traballadores máis vulnerables no emprego, **a ES presenta valores de temporalidade claramente inferiores aos da economía mercantil no caso das mulleres maiores de 45 anos e dos traballadores/as maiores de 55 anos.** A porcentaxe de traballadores /as con discapacidade con contrato temporal na ES é tamén inferior, aínda que as diferenzas non son significativas en termos estatísticos (Táboa 10).

Táboa 10. Traballadores/as cunha relación laboral estable na economía social (1) e nas empresas da economía mercantil en Galicia. Ano 2018. Detalle para certos colectivos de traballadores/as. Porcentaxe sobre o total de cada grupo.

| | Economía social | Economía mercantil |
|--|------------------------|---------------------------|
| Total traballadores por conta allea con contrato de traballo de duración indefinida | 70,3% | 70,2% |
| Homes | 70,9% | 72,0% |
| Mulleres | 69,8% | 69,1% |
| Mulleres maiores de 45 anos | 84,3% | 75,7% |
| Maiores de 55 anos | 85,5% | 79,6% |
| Traballadores/as con discapacidade | 82,1% | 73,9% |
| Traballadores/as de baixa cualificación | 58,0% | 55,1% |

(1) Non inclúe traballadores de empresas de inserción nin de centros especiais de emprego.

Fonte: elaboración propia a partir da Mostra continua de vidas laborais (2017).

Tipo de xornada

En relación co tipo de xornada, cómpre sinalar que a maior parte das persoas que traballan a tempo parcial non desexa este tipo de xornada e preferirían traballar a tempo completo. Polo tanto, **menores niveis de parcialidade asócianse con mellores condicións de traballo.**

Na comparativa realizada neste capítulo, cómpre sinalar que **a ES galega conta cunha porcentaxe de traballadores/as a xornada parcial claramente inferior ao da economía mercantil** (o 26,7% ten este tipo de xornada fronte ao 35,5% nas empresas do grupo de control). Como ocorre coa temporalidade, a parcialidade está ligada ao emprego feminino e, aínda que a ES ten unha fenda de xénero en parcialidade de 14 puntos porcentuais, na economía mercantil é máis do dobre. As menores taxas de parcialidade son especialmente favorables á ES nos colectivos con maiores dificultades de acceso ao emprego (mulleres maiores de 45 anos, traballadores maiores de 55 anos, traballadores con discapacidade e traballadores de baixa cualificación (Táboa 11).

Táboa 11. Traballadores/as con xornada de traballo a tempo parcial na economía social e nas empresas da economía mercantil en Galicia. Ano 2018. Detalle para certos colectivos de traballadores/as. Porcentaxe sobre o total de cada grupo.

| | Economía social | Economía mercantil |
|---|------------------------|---------------------------|
| Traballadores/as con xornada a tempo parcial | 26,7% | 35,5% |
| Homes | 19,0% | 17,7% |
| Mulleres | 33,1% | 46,1% |
| Mulleres maiores de 45 anos | 28,2% | 48,1% |
| Maiores de 55 anos | 18,6% | 39,4% |
| Traballadores/as con discapacidade | 17,2% | 52,2% |
| Traballadores/as de baixa cualificación | 28,1% | 47,1% |

Fonte: elaboración propia a partir da Mostra continua de vidas laborais (2017).

Salarios

O salario é, sen dúbida, unha das principais variables asociadas á calidade do emprego. A comparación realizada coas empresas mercantís (grupos de control) permite identificar aspectos específicos da ES tanto nos **niveis salariais** coma, sobre todo, **na dispersión salarial** (Táboas 12 a 14):

a) Os niveis salariais, aproximados polo valor da mediana¹³, **son superiores na ES**, tanto para o total dos traballadores/as como para a maioría dos colectivos considerados. No caso da ES o salario medio dun traballador a xornada completa é de 23.053€, un 9,2% superior ao salario da economía mercantil (21.112€). Se se considera o valor da mediana, que é un indicador máis correcto ca a media dada a alta dispersión, a diferenza ascende ao 20,1% (20.626€ na ES fronte a 17.171€ na mercantil) (Táboa 12). Estes resultados positivos poden estar ligados á maior proporción de traballadores nas ocupacións de maior cualificación que se presentaron no capítulo anterior. Outro elemento diferencial é que os salarios están menos dispersos, é dicir, agrúpanse máis ao redor do salario medio ca na economía mercantil, que presenta maior amplitude de rango tanto nas bandas inferiores como nas superiores dos salarios.

¹³ Utilízase esta medida *promedio*, no canto da media, pola alta dispersión observada nas variables salariais.

Táboa 12. Salarios dos/as traballadores/as a xornada completa nas empresas e entidades da economía social e da economía mercantil en Galicia (1). Ano 2017. Euros.

| | Economía social | Economía mercantil |
|--|------------------------|---------------------------|
| Salario bruto anual (valor da mediana en €) | 20.626 | 17.171 |
| Salario bruto anual (valor da media en €) | 23.053 | 21.112 |
| Dispersión (desviación típica) | 11.625 | 24.610 |

(1) Só se inclúen persoas que traballaron todo o ano 2017 e que o fixeron a xornada completa.
 Fonte: elaboración propia a partir da Mostra continua de vidas laborais (2017).

b) **As diferenzas salariais positivas respecto á economía mercantil son aínda maiores no caso dalgúns colectivos con especiais dificultades para acceder ao emprego.** Así, as mulleres cobran un 28% máis de salario na ES; os traballadores maiores de 45 anos, un 22%; e os maiores de 55 anos, un 26%. A diferenza é especialmente elevada no caso das persoas con discapacidade, cuxo salario medio é un 70% máis alto na ES ca na mercantil (Táboa 13). Pola contra, os salarios medios dos/as traballadores/as que ocupan postos de alta dirección e moi alta cualificación e de xefes administrativos e de taller son inferiores nun 10,0% e 16%, respectivamente, respecto da economía mercantil. Este resultado é consistente coa menor dispersión salarial que se presenta na ES.

c) **As empresas e entidades da ES son máis igualitarias atendendo a distintas dimensións,** é dicir, amosan un menor abano salarial por sexo e por categorías ocupacionais (Táboa 14).

d) **A menor dispersión salarial interna** concrétase sobre todo na relación dos **grupos directivos** respecto aos valores medios. Así, na ES os traballadores de alta dirección e cualificación teñen un salario medio superior ao salario medio global nun 47,0%, mentres que no grupo de control esta diferenza é do 97,0%. Unha situación semellante dáse cos xefes administrativos e de taller, que na ES gañan un 4% máis ca a media, pero na economía mercantil este diferencial elévase ata un 49%.

e) Por outra banda, os **traballadores máis novos, os peóns e asimilados e os que teñen un contrato de duración determinada** teñen unha fenda salarial, respecto do salario medio, superior nas empresas de ES. Con todo, as persoas estranxeiras teñen unha fenda salarial favorable na ES galega.

Táboa 13. Salarios dos/as traballadores/as a xornada completa nas empresas e entidades da economía social e da economía mercantil en Galicia. Ano 2017. Diferenzas respecto do grupo de control (=100)¹⁴.

| | Economía social | Economía mercantil |
|--|-----------------|--------------------|
| Total traballadores/as | 120 | 100 |
| Homes | 106 | 100 |
| Mulleres | 128 | 100 |
| De 25 a 44 anos | 114 | 100 |
| De 45 a 54 anos | 122 | 100 |
| De 55 e máis anos | 126 | 100 |
| Persoas con discapacidade | 170 | 100 |
| 01. Enxeñeiros, licenciados, alta dirección | 90 | 100 |
| 02. Enxeñeiros técnicos, axudantes titulados | 116 | 100 |
| 03. Xefes administrativos e de taller | 84 | 100 |
| 04. Axudantes non titulados | 105 | 100 |
| 05. Oficiais administrativos | 120 | 100 |
| 06. Subalternos | 123 | 100 |
| 07. Auxiliares administrativos | 99 | 100 |
| 08. Oficiais 1ª e 2ª | 85 | 100 |
| 09. Oficiais 3ª e especialistas | 115 | 100 |
| 10. Peóns e asimilados | 104 | 100 |
| De duración indefinida | 122 | 100 |
| De duración determinada | 114 | 100 |
| Ámbito urbano | 121 | 100 |
| Ámbito rural | 116 | 100 |
| Españóis | 118 | 100 |
| Estranxeiros | 135 | 100 |

Só se inclúen persoas que traballaron todo o ano 2017 e que o fixeron a xornada completa.

Fonte: elaboración propia a partir da Mostra continua de vidas laborais (2017).

¹⁴ Para os/as lectores/as pouco familiarizados con este modo de presentar a información, cómpre sinalar que esta aparece normalizada. Isto é, os distintos valores dos salarios dos grupos de control (para homes, mulleres...) igualáronse a 100 e calculouse o correspondente valor (tomando o valor do grupo de control como base) para a mesma categoría no grupo de economía social. Esta forma de presentar a información permite ler de forma sinxela as diferenzas en termos relativos entre un e outro grupo. Así, se o valor do salario medio dos homes no grupo de economía social de mercado é de 91,0 este valor indica que é un 9,0% inferior ao dos homes que traballan no grupo de control.

Táboa 14. Salarios dos/as traballadores/as a xornada completa nas empresas e entidades da economía social e da economía mercantil. Detalle por características dos traballadores/as e dos seus postos de traballo. Ano 2017. Diferenzas respecto do salario medio total de cada grupo (=100)¹⁵.

| | Economía social | Economía mercantil |
|--|-----------------|--------------------|
| Total traballadores/as [n=30.906] | 100 | 100 |
| Homes | 104 | 118 |
| Mulleres | 92 | 87 |
| De 25 a 44 anos | 96 | 101 |
| De 45 a 54 anos | 106 | 104 |
| De 55 e máis anos | 99 | 94 |
| Persoas con discapacidade | 89 | 39 |
| 01. Enxeñeiros, licenciados, alta dirección | 147 | 197 |
| 02. Enxeñeiros técnicos, axudantes titulados | 123 | 128 |
| 03. Xefes administrativos e de taller | 104 | 149 |
| 04. Axudantes non titulados | 90 | 104 |
| 05. Oficiais administrativos | 119 | 120 |
| 06. Subalternos | 86 | 84 |
| 07. Auxiliares administrativos | 72 | 87 |
| 08. Oficiais 1ª e 2ª | 80 | 113 |
| 09. Oficiais 3ª e especialistas | 80 | 84 |
| 10. Peóns e asimilados | 70 | 80 |
| De duración indefinida | 102 | 100 |
| De duración determinada | 79 | 83 |
| Ámbito urbano | 110 | 109 |
| Ámbito rural | 92 | 95 |
| Españóis | 98 | 100 |
| Estranxeiros | 107 | 96 |

Só se inclúen persoas que traballaron todo o ano 2017 e que o fixeron a xornada completa.

Fonte: elaboración propia a partir da Mostra continua de vidas laborais (2017).

Igualdade de oportunidades entre homes e mulleres

Un terceiro eixe de contribución das empresas de ES á cohesión social é a través da **igualdade de oportunidades**, xa que este principio **está moito máis presente** ca nas

¹⁵ Igual ca na táboa anterior, a información preséntanse normalizada co obxectivo de facilitar a comparación. Neste caso, os valores dos salarios medios de cada grupo igualáronse a 100 e calculáronse (tomando estes como base) os valores para o resto das categorías. Así, se o valor do salario medio das mulleres no grupo de economía social total é de 97,0 este valor indica que é un 3,0% inferior ao salario medio no conxunto da economía social.

empresas mercantís, como poñen de manifesto os resultados obtidos para algunhas das súas dimensións: a fenda salarial de xénero, a posibilidade de solicitar excedencias para o coidado de persoas dependentes e a diversidade nos postos directivos de responsabilidade.

Fenda salarial de xénero

As fendas salariais de xénero na ES galega son notablemente inferiores ás observadas na economía mercantil (Táboa 15). Na ES, as mulleres que traballan a xornada completa cobran, de media, un 12% menos ca os homes, mentres que no grupo de control esta porcentaxe é do 27%. Polo tanto, en Galicia, **a fenda salarial de xénero na economía mercantil é máis do dobre da observada na ES**. As fendas salariais de xénero incrementanse coa idade, tanto na ES coma na mercantil, pero en todos os casos son notablemente inferiores na ES. Cómpre sinalar que as mulleres da ES que residen en zonas urbanas cobran o mesmo ca os seus compañeiros varóns, mentres que na economía mercantil a fenda é de 22 puntos porcentuais.

Táboa 15. Fendas salariais de xénero nas empresas e entidades da economía social e da economía mercantil en Galicia. Ano 2017. Diferenzas respecto aos homes da súa mesma categoría (salario dos homes =100).

| | Economía social total | | Economía mercantil | |
|-------------------------------|-----------------------|-----------|--------------------|-----------|
| | Homes | Mulleres | Homes | Mulleres |
| Total traballadores/as | 100 | 88 | 100 | 73 |
| De 25 a 44 anos | 100 | 91 | 100 | 73 |
| De 45 a 54 anos | 100 | 90 | 100 | 66 |
| De 55 e máis anos | 100 | 87 | 100 | 67 |
| Ámbito urbano | 100 | 99 | 100 | 78 |
| Ámbito rural | 100 | 80 | 100 | 71 |

Só se inclúen persoas que traballaron todo o ano 2017 e que o fixeron a xornada completa.

Fonte: elaboración propia a partir da Mostra continua de vidas laborais (2017).

Excedencias para o coidado de fillos/as ou doutras persoas dependentes

A información dispoñible na MCVL permite tamén cuantificar o número de traballadoras/es que goza dunha excedencia para o coidado dos seus fillos/as, doutros familiares ou de persoas ao seu cargo e este número é tamén significativamente maior nas empresas e entidades da ES (Táboa 16). Así, no caso das mulleres, o número de excedencias anuais por cada 1.000 traballadoras é de 4,7 na ES fronte a 2,0 nas empresas mercantís. No grupo dos homes, aínda que as cifras son moi reducidas, as excedencias na ES son inferiores ás da economía mercantil (0 excedencias por cada 1000 traballadores fronte a 0,4 excedencias ao ano no caso das empresas de economía mercantil).

Dado que o grupo de control se deseñou de tal xeito que os sectores, e polo tanto as ocupacións, e o tamaño empresarial son moi semellantes en ambos os dous grupos, cómpre interpretar que esta diferenza se debe a que a cultura empresarial, e os seus principios, facilita en maior medida a toma de excedencias para o coidado de fillos/as e doutras persoas, aínda que segundo os datos, son as mulleres quen as solicitan.

Táboa 16. Traballadores/as que contan con episodios de baixa por excedencia para o coidado de fillos/as ou doutras persoas na economía social (1) e na economía mercantil en Galicia. Detalle por sexo. 2018

| | Economía social | | Economía mercantil | |
|---|-----------------|----------|--------------------|----------|
| | Homes | Mulleres | Homes | Mulleres |
| Tamaño da mostra (nº de traballadores/as) | 387 | 523 | 316 | 536 |
| Duración media das traxectorias analizadas (anos) | 5,8 | 6,1 | 8,7 | 8,3 |
| Número de excedencias anuais para o coidado de fillos/as ou doutras persoas (por cada 1.000 traballadores/as) | 0,0 | 4,7 | 0,4 | 2,0 |

(1) Non inclúe traballadores de empresas de inserción nin de centros especiais de emprego.

Fonte: elaboración propia a partir da Mostra continua de vidas laborais (2017).

Diversidade na dirección

Os resultados obtidos a partir da MCVL para a ES en España¹⁶ poñen de manifesto que as empresas e entidades da ES, especialmente na ES de mercado, son máis diversas na dirección e na alta cualificación¹⁷ e que esta diversidade non só é de xénero senón tamén en relación coas persoas con discapacidade.

Nas empresas da ES a presenza de mulleres nos postos de alta dirección e moi alta cualificación acada o 60,3% fronte ao 55,6% nas empresas mercantís do seu grupo de control¹⁸, con todo, as diferenzas non son estatisticamente significativas (Táboa 17). Tamén é maior na ES a presenza de traballadores/as con discapacidade ou maiores de 55 anos nos postos de alta dirección e cualificación, pero as diferenzas tampouco son significativas.

Polo tanto, no caso da ES galega, non se constata unha maior diversidade nos postos de dirección e de moi alta cualificación.

¹⁶ Martínez *et al.* (2019).

¹⁷ A diversidade na dirección aproximouse pola heteroxeneidade de traballadores no grupo de cotización "01 Enxeñeiros, licenciados e alta dirección". Este grupo non só inclúe postos directivos senón tamén de moi alta cualificación (licenciados/as e enxeñeiros/as superiores) e non é posible diferenciarlos.

¹⁸ Nesta análise non se inclúen os/as socios/as que cotizan no Réxime Especial de Traballadores Autónomos por non dispoñer da información sobre eles referida ao seu grupo de cotización.

Táboa 17. Diversidade nas ocupacións de alta dirección e moi alta cualificación nas empresas e entidades da economía social e da economía mercantil en Galicia. Ano 2018. Porcentaxe de distintos colectivos sobre o total do Grupo de cotización 01.

| | Economía social | Economía mercantil |
|---|------------------------|---------------------------|
| Mulleres | 60,3% | 55,6% |
| Mulleres de 25 a 40 anos | 19,9% | 22,3% |
| Traballadores/as con discapacidade >33% | 1,3% | 0,0% |
| Maiores de 55 anos | 11,3% | 8,1% |
| Estranxeiros/as | 9,3% | 12,2% |

Nota: Non se inclúen os/as socios/as que cotizan no Réxime Especial de Traballadores Autónomos

Fonte: elaboración propia a partir da Mostra continua de vidas laborais (2017).

Contribución á existencia dunha oferta ampla de servizos sociais e de servizos educativos

Outro dos efectos ligados á ES máis sinalado pola literatura é o feito de que este tipo de empresas aseguran a provisión de determinados servizos e/ou en determinados ámbitos xeográficos. Neste sentido, sinálase que os servizos prestados pola ES atenden demandas insatisfeitas pola oferta mercantil, que non cobre determinados servizos ou non chega a determinados colectivos ou ámbitos xeográficos. No marco deste traballo non se pode chegar a constatar as diferenzas no perfil de usuarios dun e doutro grupo de empresas, pero si o feito de que **as empresas e entidades da ES teñen unha maior presenza en determinadas actividades de servizos que socialmente se consideran necesarias e que están estreitamente ligadas aos conceptos de calidade de vida e desenvolvemento humano sostible.**

Servizos sociais

No contexto sociodemográfico galego, coma no español, marcado por un acelerado ritmo de envellecemento da poboación é de especial interese contar cunha oferta ampla de servizos de atención ás persoas maiores e ás persoas con discapacidade, especialmente dos denominados servizos de atención á dependencia.

Os datos globais¹⁹ da MCVL confirman que a presenza da ES galega nas ramas de actividade que concentran os servizos de atención á dependencia é moi alta en termos relativos. A ES representa ao redor do 37,2% da oferta privada nestes mercados en Galicia. É dicir, case o 40% das empresas e entidades deste sector de servizos de atención á dependencia son de ES, mentres que o seu peso no total da economía é do 5,3% (Táboa 18).

Ademais, cómpre sinalar que a presenza da ES é maioritaria no caso dos servizos sociais con aloxamento para persoas con discapacidade intelectual, enfermidade mental e

¹⁹ Nótese que xa non se está comparando a submostra de empresas de economía social cun grupo de control senón que agora se traballa co conxunto de empresas e entidades con sede social en Galicia recollidas na MCVL (10.778 empresas e entidades cun ou máis empregados por conta allea) que é representativo do tecido produtivo rexional. Abandónase a comparación co grupo de control porque precisamente un dos criterios da selección deste é a igualación da estrutura sectorial, o que non permitiría observar diferenzas.

drogodependencia (representa o 58,3% da oferta) e nos servizos sociais sen aloxamento para persoas maiores (50,7%). Polo tanto, **a especialización produtiva da ES en servizos ligados á dependencia e á atención de persoas maiores e con discapacidade é moi alta.**

Así mesmo, a súa presenza é tamén notable noutros servizos sociais prestados tanto en residencias como a domicilio e que van dirixidos a outros colectivos distintos aos das persoas maiores ou con discapacidade. Nos servizos prestados en residencias a oferta da ES representa o 30,0% e o coidado diúrno de nenos/as acada o 22,6%.

Polo tanto, os resultados amosados nesta epígrafe poñen de manifesto a alta presenza da ES nas actividades vinculadas á dependencia e noutros servizos sociais, co que contribúe a completar a oferta privada nestes mercados.

Táboa 18. Participación das empresas de economía social nas actividades económicas ligadas á dependencia e outros servizos sociais. Ano 2018. Porcentaxe sobre o total de empresas en cada rama de actividade

| | Economía social total | Economía mercantil (persoas xurídicas) | Total |
|---|------------------------------|---|--------------|
| Dependencia | 37,2% | 62,8% | 100% |
| 871. Asistencia en establecementos residenciais con coidados sanitarios | 14,3% | 85,7% | 100% |
| 872. Asistencia en establecementos residenciais para persoas con discapacidade intelectual, enfermidade mental e drogodependencia | 58,3% | 41,7% | 100% |
| 873. Asistencia en establecementos residenciais para persoas maiores e con discapacidade física | 16,2% | 83,8% | 100% |
| 881. Actividades de servizos sociais sen aloxamento para persoas maiores | 50,7% | 49,3% | 100% |
| Outros servizos sociais | 24,4% | 75,6% | 100% |
| 879. Outras actividades de asistencia en establecementos residenciais (excepto anciáns e persoas con discapacidade) | 30,0% | 70,0% | 100% |
| 889. Outras actividades de servizos sociais sen aloxamento (coidado diúrno de nenos e outros) | 22,6% | 77,4% | 100% |
| Total economía | 5,3% | 94,7% | 100% |

Fonte: elaboración propia a partir da Mostra continua de vidas laborais (2017).

Servizos educativos

Nos servizos educativos, a ES ten tamén unha presenza relativamente alta: o 21,2% dos oferentes privados do sector educativo son empresas ou entidades da ES mentres que a súa presenza no conxunto de sectores é do 5,3% (Táboa 19). A ES representa ao redor do 20,0% dos oferentes privados na educación infantil e o 28,6% na primaria; na educación secundaria acada o 17,4% e na postobrigatoria, o 40,0%.

Polo tanto, a ES contribúe tamén de forma notable á existencia dunha ampla oferta en todos os niveis educativos.

Táboa 19. Participación das empresas de economía social nas actividades económicas ligadas á educación en Galicia. Ano 2018. Porcentaxe sobre o total de empresas en cada rama de actividade

| | Economía social total | Economía mercantil (persoas xurídicas) | Total |
|--------------------------------|------------------------------|---|---------------|
| Educación | 21,2% | 78,8% | 100,0% |
| 851. Educación infantil | 20,0% | 80,0% | 100,0% |
| 852. Educación primaria | 28,6% | 71,4% | 100,0% |
| 853. Educación secundaria | 17,4% | 82,6% | 100,0% |
| 854. Educación postobrigatoria | 40,0% | 60,0% | 100,0% |
| 855. Outra educación | 20,1% | 79,9% | 100,0% |
| Total economía | 5,3% | 94,7% | 100,0% |

Fonte: elaboración propia a partir da Mostra continua de vidas laborais (2017).


3. CONTRIBUCIÓN Á COHESIÓN TERRITORIAL

Na epígrafe previa realizouse un percorrido polas potenciais achegas da ES á cohesión social. Un segundo eixe que aglutina a súa achega ao benestar ou á utilidade colectiva é o da cohesión territorial.

A **ES de mercado** sitúase maioritariamente en concellos menores de 40.000 habitantes, categorizados no ámbito deste estudo como cidades intermedias e zonas rurais²⁰: **o 66,1% das súas empresas** ten o seu domicilio social nun concello desta categoría e **o 68,3% dos seus traballadores/as** reside nun deles. Se consideramos a ES no seu conxunto, a porcentaxe de entidades e traballadores situados en cidades intermedias e zonas rurais é semellante (68,0%) aínda que o de entidades descende ata o 53,3%. Nas empresas da economía mercantil estas porcentaxes son claramente inferiores: o 56,0% das empresas e o 64,2% dos traballadores/as sitúanse en contornas rurais ou cidades intermedias (Gráfico 11).

²⁰ Nas análises por ámbito xeográfico, o rural delimitase a miúdo por un número de habitantes menor (20.000 e 10.000 habitantes son os dous criterios máis frecuentes). Neste estudo utilízase o criterio de 40.000 habitantes por unha limitación da información procedente da MCVL, xa que por motivos relacionados co segredo estatístico esta fonte non permite identificar concellos cunha poboación inferior. Polo tanto, estanse a considerar as cidades intermedias e zonas rurais de forma conxunta.

Gráfico 11. Domicilio social das empresas e lugar de residencia do seu persoal por ámbito xeográfico en Galicia. Detalle para a economía social e a economía mercantil. Porcentaxe sobre o total.



Fonte: elaboración propia a partir da Mostra continua de vidas laborais (2017).

Economía social de mercado inclúe: cooperativas, sociedades laborais, centros especiais de emprego, confradías de pescadores, mutualidades e mancomunidades de montes.

Como se verá ao longo desta epígrafe, esta distribución da ES por ámbito xeográfico ten importantes efectos sobre a economía rural xa que ambas están vinculadas.

Tamaño da economía rural

Creación de actividade económica e emprego

O efecto máis inmediato da presenza da ES en cidades intermedias e zonas rurais é a **creación de actividade económica e emprego**. Atendendo os resultados da mostra (Táboa 20), **o 5,1% das empresas e entidades rurais son de ES e o 3,6% do emprego rural pertence á ES**.

Ademais, dada a súa maior propensión a empregar colectivos con dificultades de acceso ao emprego, tal e como se viu no apartado previo, **a contribución da ES á economía rural vese ampliada pola súa maior capacidade para crear emprego para:**

- **Persoas con discapacidade.** O 17,4% das persoas con discapacidade que están ocupadas en cidades intermedias e zonas rurais traballa nunha empresa ou entidade da ES.
- **Traballadores/as de maior idade.** O 2,7% dos traballadores ocupados maiores de 55 anos está empregado nunha empresa ou entidade da ES.
- **Traballadores vulnerables no emprego.** O 3,7% deste tipo de traballadores en cidades intermedias e zonas rurais está ocupado nunha empresa ou entidade da ES.

Táboa 20. Importancia da economía social na economía rural de Galicia. Ano 2018. Porcentaxe sobre o total de empresas e do emprego en cidades intermedias e zonas rurais.

| | Economía social total | Economía mercantil | Total |
|---|------------------------------|---------------------------|--------------|
| Empresas totais (con personalidade xurídica) | 5,3% | 94,7% | 100% |
| Empresas rurais (con personalidade xurídica) | 5,1% | 94,9% | 100% |
| Emprego total | 3,9% | 96,1% | 100% |
| Emprego rural | 3,6% | 96,4% | 100% |
| Homes | 3,0% | 97,0% | 100% |
| Mulleres | 4,4% | 95,6% | 100% |
| Persoas con discapacidade | 17,4% | 82,6% | 100% |
| Persoas vulnerables no emprego | 3,7% | 96,3% | 100% |
| Menores de 25 anos | 4,7% | 95,3% | 100% |
| De 25 a 44 anos | 3,9% | 96,1% | 100% |
| De 45 a 54 anos | 3,6% | 96,4% | 100% |
| De 55 e máis anos | 2,7% | 97,3% | 100% |


Fonte: elaboración propia a partir da Mostra continua de vidas laborais (2017).

Emprendemento no mundo rural

Outra vía para constatar a maior contribución da ES ás cidades intermedias e zonas rurais é a través da análise do emprendemento.

Atendendo aos resultados da mostra de entidades obtida a partir da MCVL, **o emprendemento** na economía mercantil sitúase case por igual en cidades intermedias e zonas rurais (53,4%) e nas grandes cidades (46,6%) mentres que, no caso **da ES**, este concéntrase **en maior medida nas zonas rurais e cidades intermedias**. Se se consideran só as empresas (con personalidade xurídica) máis novas (de menos de cinco anos), no caso da ES, un 59,6% situouse en cidades intermedias e zonas rurais, e o 40,4%, en grandes cidades. No caso da ES de mercado, este nesgo cara á localización das novas empresas no mundo rural é aínda maior (a 67,4% fronte ao 53,4% da economía mercantil) (Gráfico 12).

Gráfico 12. Localización das empresas novas (menos de 5 anos) por ámbito territorial en Galicia. Detalle para a economía social e a economía mercantil. Porcentaxe sobre o total de cada grupo.




Fonte: elaboración propia a partir da Mostra continua de vidas laborais (2017).

Aprécianse tamén diferenzas significativas nos sectores nos que se localizan as novas empresas nas cidades intermedias e zonas rurais (Gráfico 13). A ES de mercado emprende principalmente, e en maior medida ca a mercantil, en Comercio e servizos persoais (coincidente coa economía mercantil), e con importantes diferenzas respecto do grupo de control, en Industria manufactureira, en Agricultura e pesca, en Educación e en Cultura e lecer. Se se analizan as novas empresas e entidades da ES no seu conxunto, a súa localización é aínda máis dispar respecto á das empresas da economía mercantil. Neste caso, o emprendemento concéntrase en cultura e lecer e en educación (máis do 50% das novas entidades de ES sitúanse nestes dous sectores mentres que a economía mercantil só concentra o 4,6% das súas novas empresas neles) (Gráfico 14).


Polo tanto, **as novas iniciativas de ES tenden a situarse máis en servizos relacionados con cultura e lecer e con educación**, co que contribúen a diversificar as economías rurais e a asegurar unha oferta mínima e máis variada en sectores clave para a retención da poboación.

Gráfico 13. Distribución das empresas novas por sectores de actividade na economía social de mercado e a economía mercantil en cidades intermedias e zonas rurais en Galicia. Ano 2018. Porcentaxe sobre o total de cada grupo.



Fonte: elaboración propia a partir da Mostra continua de vidas laborais (2017).

Gráfico 14. Distribución das empresas novas por sectores de actividade na economía social total e a economía mercantil en cidades intermedias e zonas rurais en Galicia. Ano 2018. Porcentaxe sobre o total de cada grupo.



Fonte: elaboración propia a partir da Mostra continua de vidas laborais (2017).

Competitividade da economía rural

Diversificación produtiva

A ES contribúe tamén a achegar valor ás sociedades rurais, a través da diversificación do seu tecido produtivo, aspecto de grande importancia na competitividade e na súa resiliencia. Esta maior diversidade, que se constatou no apartado previo para as novas empresas, mantense para o conxunto de empresas e entidades da ES.

As distribucións sectoriais das **empresas e entidades de ES** e das empresas mercantís en cidades intermedias e zonas rurais poñen de manifesto que a ES **se distribúe de xeito máis uniforme pola estrutura produtiva**, o que amosa a súa maior capacidade para estar presente en distintas actividades do tecido produtivo rural (Táboa 21).

Táboa 21. Estrutura sectorial das empresas e entidades da economía social e da economía mercantil en cidades intermedias e zonas rurais en Galicia. Ano 2018. Porcentaxe sobre o total de empresas de cada grupo.

| | Economía social total | Economía mercantil (persoas xurídicas) |
|--|------------------------------|---|
| Agricultura | 16,2% | 3,8% |
| Industria manufactureira | 12,7% | 22,8% |
| Enerxía, auga e xestión de residuos | 0,5% | 1,0% |
| Construción | 3,4% | 15,4% |
| Comercio e servizos persoais | 11,3% | 24,9% |
| Transporte e correos | 3,4% | 7,2% |
| Hostalaría e restauración | 1,0% | 8,6% |
| Telecomunicacións e sociedade da información | 1,5% | 1,1% |
| Servizos ás empresas | 6,9% | 8,4% |
| Educación | 13,7% | 1,9% |
| Actividades sanitarias | 0,5% | 1,6% |
| Servizos sociais | 12,7% | 1,9% |
| Servizos culturais e recreativas | 13,7% | 1,3% |
| Outros servizos | 2,5% | 0,2% |
| Total | 100% | 100% |
| Desviación típica | 5,9 | 8,3 |

Fonte: elaboración propia a partir da Mostra continua de vidas laborais (2017).

Estrutura produtiva máis axustada ás potencialidades e necesidades da poboación rural

Outra importante achega da ES á competitividade das economías rurais canalízase a través do desenvolvemento de determinadas ramas económicas que, ou ben permiten un **mellor aproveitamento das potencialidades da economía rural, ou ben achegan unha oferta de servizos sociais e educativos que é vital para evitar a perda de poboación** (Táboa 22).

Unha boa mostra do protagonismo da ES de mercado no desenvolvemento de tecido produtivo galego e de valor engadido nas economías destas zonas é o seu peso nas **ramas agroalimentarias**. Así, o 33,3% das empresas dedicadas á produción agrícola combinada con produción gandeira ou do procesamento de froitas e verduras son empresas de ES. E na produción gandeira esta porcentaxe acada tamén o 24,6%. En captación e depuración de augas, o 50,0% das empresas ou entidades deste sector no ámbito rural son de ES.

A presenza da ES é moi significativa tamén na educación infantil (21,4%), co que contribúen de xeito decisivo á existencia dunha oferta mínima de servizos neste nivel educativo que, como xa se sinalou, son determinantes na decisión de manter ou fixar a residencia nunha zona rural. Pero tamén contribúe a unha oferta diversa en educación primaria (o 33,3% dos oferentes pertencen á ES) e secundaria (10,0%).

A ES é clave na oferta de servizos á dependencia en cidades intermedias e zonas rurais. O 41,2% dos oferentes de servizos sociais sen aloxamento para persoas maiores son da ES e no caso das actividades de asistencia en establecementos residenciais (sen coidados sanitarios) as porcentaxes acadan o 25,0%.

E respecto da oferta de servizos culturais ou de lecer e de actividades deportivas, cómpre sinalar que **a metade da oferta privada existente nas zonas rurais galegas é de empresas e entidades da ES**.

Táboa 22. Ramas da economía rural nas que a economía social é unha oferente clave en Galicia. Ano 2018. Porcentaxe sobre o total de empresas de cada rama en cidades intermedias e zonas rurais.

| | Economía social total | Economía mercantil (persoas xurídicas) | Total |
|--|------------------------------|---|--------------|
| 011 Cultivos non perennes | 14,3% | 85,7% | 100% |
| 012 Cultivos perennes | 16,7% | 83,3% | 100% |
| 014 Produción gandeira | 24,6% | 75,4% | 100% |
| 015 Produción agrícola combinada coa produción gandeira | 33,3% | 66,7% | 100% |
| 016 Actividades de apoio á agricultura, á gandaría e de preparación posterior á colleita | 27,3% | 72,7% | 100% |
| 103 Procesamento e conservación de froitas e hortalizas | 33,3% | 66,7% | 100% |
| 105 Fabricación de produtos lácteos | 5,0% | 95,0% | 100% |
| 107 Fabricación de produtos de panadaría e pastas alimenticias | 3,8% | 96,2% | 100% |
| 109 Fabricación de produtos para a alimentación animal | 20,0% | 80,0% | 100% |
| 110 Fabricación de bebidas | 7,1% | 92,9% | 100% |
| 360 Captación depuración e distribución de auga | 50,0% | 50,0% | 100% |
| 851 Educación infantil | 21,4% | 78,6% | 100% |
| 852 Educación primaria | 33,3% | 66,7% | 100% |
| 853 Educación secundaria | 10,0% | 90,0% | 100% |
| 855 Outra educación | 31,0% | 69,0% | 100% |
| 871 Asistencia en establecementos residenciais con coidados sanitarios | 15,4% | 84,6% | 100% |
| 872 Asistencia en establecementos residenciais para persoas con discapacidade intelectual, enfermidade mental e drogodependencia | 28,6% | 71,4% | 100% |
| 879 Outras actividades de asistencia en establecementos residenciais | 25,0% | 75,0% | 100% |
| 881 Actividades de servizos sociais sen aloxameento para persoas maiores | 41,2% | 58,8% | 100% |
| 889 Outras actividades de servizos sociais sen aloxamento | 23,5% | 76,5% | 100% |
| 910 Actividades de bibliotecas, arquivos, museos e outras actividades culturais | 50,0% | 50,0% | 100% |
| 931 Actividades deportivas | 50,0% | 50,0% | 100% |
| Total | 5,1% | 94,9% | 100% |

Fonte: elaboración propia a partir da Mostra continua de vidas laborais (2017).

Mantemento da poboación nas zonas rurais

Os efectos positivos da ES sobre as economías locais das zonas rurais concréntanse na creación de emprego directo que permite fixar poboación nestas zonas. **A oferta de postos de traballo da ES vese apoiada por outro aspecto que incide de forma positiva na decisión de manter a residencia nestas zonas: a estabilidade do emprego.**

Os resultados referidos á comparación das **traxectorias laborais de traballadores da ES** e do grupo de control que residen en cidades intermedias e zonas rurais confirman que as traxectorias dos primeiros son máis estables. O número de traballadores/as que non perdeu o seu emprego no período analizado é da 57,8% fronte ao 40,3% no grupo de control. O número medio de episodios de emprego nun e noutro grupo confirma a maior estabilidade do emprego nas empresas e entidades de ES e as mellores posibilidades de conciliación, con maior número de excedencias (Táboa 23).

Táboa 23. Traxectorias laborais dos traballadores de cidades intermedias e zonas rurais nas empresas de economía social (1) e nas empresas do grupo de control en Galicia. Ano 2018.

| | Economía social | Economía mercantil |
|--|------------------------|---------------------------|
| Tamaño da mostra (nº de traballadores/as) | 519 | 492 |
| Duración media das traxectorias analizadas (anos) | 5,9 | 8,4 |
| EPISODIOS DE EMPREGO | | |
| Persoas con experiencias de emprego continuadas (% sobre o total) | 57,8% | 40,3% |
| Número medio de episodios de emprego (por cada 10 anos) | 4,2 | 8,9 |
| EXCEDENCIAS | | |
| Número de excedencias anuais para o coidado de fillos/as ou outras persoas (por cada 1.000 traballadores/as) | 3,2 | 0,7 |

(1) Non inclúe traballadores de empresas de inserción nin de centros especiais de emprego.

Fonte: elaboración propia a partir da Mostra continua de vidas laborais (2017).

En relación coas **condicións de traballo dos traballadores por conta allea** (Táboa 24), a ES mantén as súas particularidades nas cidades intermedias e zonas rurais: os salarios medios son lixeiramente superiores aos do grupo de control, tanto no total de traballadores coma no caso das persoas con discapacidade e das mulleres.

Táboa 24. Salarios dos traballadores/as por conta allea de cidades intermedias e zonas rurais en Galicia. Detalle para a economía social e os seus correspondentes grupos de control. Ano 2018

| | Economía social | Economía mercantil (persoas xurídicas) |
|--|------------------------|---|
| Salario a xornada completa (valor da mediana) | 116 | 100 |
| Mulleres | 116 | 100 |
| Persoas con discapacidade | 171 | 100 |
| Contrato de traballo | | |
| De duración indefinida | 117 | 100 |
| De duración determinada | 110 | 100 |

Fonte: elaboración propia a partir da Mostra continua de vidas laborais (2017).

**CAPÍTULO III. VALORACIÓN SOCIOECONÓMICA
DO IMPACTO DOS PRINCIPIOS E VALORES DA
ECONOMÍA SOCIAL GALEGA**

1. INTRODUCCIÓN

No capítulo anterior identificáronse potenciais efectos das empresas e entidades de ES galega sobre a cohesión social e territorial, tendo en conta os seus diferentes comportamentos fronte á economía mercantil. Neste capítulo dáse un paso máis e avánzase na valoración monetaria dos efectos que se puideron medir para aproximar o beneficio neto que a sociedade galega no seu conxunto obtén como consecuencia da existencia da ES.

A valoración dos efectos económicos e sociais que se presenta neste capítulo está apoiada na metodoloxía de análise contrafactual. A teor dela, **o impacto da ES aproxímase pola comparación entre a situación actual e unha situación hipotética na que a ES pasase a comportarse coma a economía mercantil.**

É importante sinalar que o exercicio que permite valorar os principios da ES non expón “que pasaría se desaparecesen as empresas de ES” senón que compara a situación actual cun escenario alternativo (e hipotético) no que **as empresas de ES perden os seus principios e pasan a comportarse coma as empresas mercantís, basicamente en tres aspectos: a contratación de certos colectivos con dificultades de acceso ao emprego, as condicións de traballo dos seus cadros de perooal e a súa localización xeográfica** (Gráfico 15). A diferenza entre os resultados obtidos neste exercicio e os valores reais das empresas da ES permiten a aproximación ao impacto dos efectos analizados.

Gráfico 15. Metodoloxía para a medición do impacto dos principios da economía social



Fonte: elaboración propia.

A cuantificación e a valoración económica do impacto apóiase nun conxunto de premisas metodolóxicas detalladas no Anexo metodolóxico deste estudo. Delas derívase a importante observación de que **as cifras presentadas neste estudo son unha aproximación parcial ao valor económico dos principios da ES** xa que hai efectos potenciais que, aínda que están identificados a nivel teórico, non se puideron verificar por falta de información estatística, e outros que, aínda verificándose, non se puideron incorporar á monetización do impacto por falta de metodoloxías para facelo.

Este capítulo presenta a cuantificación do impacto do comportamento diferencial da ES galega fronte ás empresas mercantís en dúas fases diferenciadas. En primeiro lugar, valórase o impacto contabilizado en número de traballadores (número de persoas que perderían o seu emprego ou modificarían as súas condicións laborais se a ES galega se comportase como mercantil). En segundo lugar, aproxímase o valor monetario anualizado do devandito impacto, diferenciando en función de se os beneficios son directos ou indirectos, e en función dos axentes económicos implicados.

2. CONTRIBUCIÓN DOS PRINCIPIOS DA ECONOMÍA SOCIAL GALEGA Á COHESIÓN SOCIAL E TERRITORIAL EN TERMOS DE EMPREGO

No capítulo anterior identificáronse e cuantificáronse determinados efectos sobre a cohesión social e territorial do comportamento diferencial das empresas de ES galega respecto da economía mercantil. En concreto, no impacto sobre a cohesión social púxose de manifesto que a presenza de determinados colectivos con dificultades de acceso ao emprego é maior na ES; e tamén que esta achega maior estabilidade no emprego e maior igualdade, aproximada polas fendas salariais de xénero, de idade e de discapacidade. No caso da cohesión territorial, constatouse tamén que a ES de mercado toma decisións de localización das súas empresas máis favorables para as zonas rurais ca a economía mercantil, co que contribúe en maior medida á creación de actividade e emprego nestas zonas.

A medición dos diferenciais entre as empresas de ES galega e as empresas mercantís neste conxunto de aspectos permite realizar un exercicio de simulación no que as primeiras pasen a comportarse coma as segundas, é dicir, aplícanse ás de ES os valores medios do grupo de control, xa sexan na presenza de determinados colectivos ou nas diferentes condicións laborais. Estas diferenzas permiten aproximar o impacto do comportamento diferencial dos principios e valores das empresas da ES en Galicia.

Os resultados anualizados desta simulación son os seguintes (Táboa 25):

1.- Máis de **6.600 traballadores/as pertencentes a algún colectivo con dificultade de acceso ao emprego**²¹ perderían o seu emprego. Deles, 4.578 serían traballadores con

²¹ Esta cifra xa descontou o feito de que un mesmo traballador poida pertencer a máis dun destes colectivos.

discapacidade, case 350 persoas en risco de exclusión social, 796 maiores de 55 anos, 328 mulleres maiores de 45 anos e 631 traballadores de baixa cualificación.

2.- Aproximadamente **5.000 traballadores perderían anualmente a relación laboral estable** que agora manteñen coa súa empresa. Deles, ao redor de 2.700 son socios das empresas da ES de mercado e están incorporados a elas como empregados por conta propia, mentres que case 2.300 son empregados por conta allea.

3.- Posto que os salarios na ES galega son máis elevados ca nas empresas mercantís, se as empresas de ES se comportasen como mercantís, habería **case 40.000 traballadores que verían reducidos os seus ingresos salariais**.

4.- As mulleres traballadoras galegas retrocederían en logros laborais. De feito, **máis de 20.000 traballadoras verían incrementada a fenda salarial** respecto dos seus compañeiros varóns. E os cadros de persoal perderían posicións na conciliación da vida persoal e familiar xa que máis de **100 traballadores/as** da ES galega **non se acollerían ás excedencias para o coidado** dos seus fillos/as.

5.- En relación á especialización sectorial da ES galega e á súa maior oferta en determinados servizos sociais ou de interese social, se estas empresas se distribuísen por sectores como o seu grupo de control, **habería case 14.000 traballadores/as menos en servizos relacionados coa dependencia** e outros servizos sociais (9.677) e **servizos educativos** (4.278), co que afectaría de forma importante tanto ao nivel como á diversidade de oferta nestas actividades.

Táboa 25. Contribución dos principios da economía social galega á cohesión social. Impacto contabilizado en número de persoas.

| | Nº de persoas |
|--|---------------|
| CONTRIBUCIÓN Á COHESIÓN SOCIAL | |
| 1. Ocupación de colectivos con dificultades de acceso ao emprego (nº de traballadores/as que perderían o seu emprego) | 6.678 |
| Traballadores/as con discapacidade | 4.578 |
| Traballadores/as en situación de exclusión social | 346 |
| Traballadores/as maiores de 55 (sen discapacidade) | 796 |
| Mulleres maiores de 45 anos (sen discapacidade e menores de 55 anos) | 328 |
| Traballadores/as de baixa cualificación menores de 55 anos | 631 |
| 2. Calidade no emprego (nº de traballadores que verían modificadas as súas condicións de emprego) (descontados colectivos anteriores) | |
| Estabilidade no emprego | 5.014 |
| Emprego por conta propia societario (socios de sociedades) | 2.717 |
| Emprego por conta allea (en emprego de forma continuada) | 2.297 |
| Maiores salarios | 39.997 |
| 3. Igualdade de oportunidades (nº de traballadores que verían modificadas as súas condicións de emprego) | |
| Maior facilidade para coller excedencias | 112 |
| Menor fenda salarial de xénero | 20.289 |
| 4. Oferta de servizos sociais e educativos (nº de traballadores que deixarían de traballar nestes sectores) | 13.955 |
| Servizos á dependencia e outros servizos sociais | 9.677 |
| Servizos educativos | 4.278 |

Fonte: elaboración propia a partir da Mostra continua de vidas laborais (2017). Datos referidos a xaneiro de 2018.

Aínda que se identificaron importantes efectos das empresas de ES galega sobre a cohesión territorial, orixinados pola súa maior presenza relativa en cidades intermedias e zonas rurais, a medición destes efectos resultou moito máis complexa. Aínda que a MCVL permite aproximar algúns destes efectos, outros requirirían información estatística que actualmente non está dispoñible e novas metodoloxías para a súa medición e valoración.

É importante presentar a **avaliación do impacto directo sobre a cohesión territorial** de forma independente, sen descontar as persoas xa incluídas na contribución á cohesión social, para visibilizar a achega da ES galega na súa contorna rural. **Se as empresas da ES pasasen a tomar as súas decisións de localización como o fan as empresas mercantís, perderíanse máis de 2.700 empregos nas cidades intermedias e zonas rurais** (Táboa 26). Pero esta contribución é moi superior en termos cualitativos xa que aproximadamente o 50% destes empregos estarían ocupados por mulleres e serían de

cualificación media ou alta. Ademais, hai que ter en conta que se perderían uns 200 empregos de persoas con discapacidade.

Táboa 26. Contribución dos principios da economía social galega á cohesión territorial. Impacto contabilizado en número de persoas.

| | Nº de persoas |
|---|---------------|
| 1. Impacto sobre o emprego rural (empregos que se perderían) | 2.749 |
| Mulleres | 1.358 |
| Maiores de 55 anos | 465 |
| Persoas con discapacidade | 214 |
| Cualificación media e superior | 1.366 |
| Bacharelato, FP grao superior | 739 |
| Estudos superiores técnicos | 313 |
| Grao, licenciatura, máster e doutoramento | 313 |
| 2. Competitividade da economía rural | 8.762 |
| Diversificación produtiva para unha mellor adaptación ás necesidades da poboación | 8.762 |
| Servizos á dependencia e outros servizos sociais | 6.719 |
| Servizos educativos | 2.044 |
| Estrutura produtiva máis adecuada a potencialidades e necesidades | N.D. |
| 3. Mantemento da poboación | 7.147 |
| Número de persoas que residen en concellos de menos de 40.000 habitantes | 7.147 |
| Conservación do patrimonio histórico artístico e cultural ligada ao mantemento da poboación | N.D. |
| Conservación do medio ambiente ligada ao mantemento da poboación | N.D. |

Fonte: elaboración propia a partir da Mostra continua de vidas laborais (2017). Datos referidos a xaneiro de 2018.

Por outra banda, a especialización da ES galega tamén se traslada ao mundo rural, especialmente naqueles sectores máis ligados ao mantemento da poboación, como os servizos sociais e a educación. Se estas empresas se comportasen coma as mercantís, nesta contorna desaparecerían 8.762 empregos da oferta privada destas actividades e máis de 7.000 persoas ligadas a estes concellos poderían desprazarse a zonas urbanas.

O resto dos impactos non se puideron cuantificar en termos de emprego, poboación ou calquera outra variable que facilitase a súa posterior valoración.

3. VALOR MONETARIO DA CONTRIBUCIÓN DOS PRINCIPIOS DA ECONOMÍA SOCIAL

No capítulo de identificación teórica dos efectos concretáronse tamén unha serie de beneficios asociados a cada un deles e clasificados en función do axente principal sobre o

que recae o devandito beneficio²². Na concreción dos beneficios distínguense os seguintes axentes: os/as empregados/as das empresas de ES galega e a súa contorna próxima, integrado principalmente por familiares e amizades; os empregadores/as; as Administracións públicas (AA.PP.) e a sociedade no seu conxunto. A valoración dos beneficios que se presenta deseguido centrouse nos fogares (persoas empregadas e o seu núcleo familiar), os empregadores e as AA.PP. A medición de efectos sobre a sociedade no seu conxunto, adicional á destes tres axentes, supera os límites deste estudo.

En relación co tipo de beneficios considerados é importante sinalar que só se inclúen beneficios directos e indirectos. Non se abordou a valoración dos beneficios intanxibles, asociados a maiores niveis de benestar individual ou colectivo, por superar tamén o alcance deste estudo.

Beneficios directos

A valoración dos beneficios directos asociados aos principios da ES de mercado resúmese nos seguintes puntos (Táboa 27):

1.- Os **beneficios netos directos** (rendas netas xeradas e percibidas por un ou outro axente), vinculados á contribución destas empresas á sociedade no seu conxunto, ascenden a uns **829,3 millóns de euros anuais**. Estes beneficios directos representan o 98,0% da valoración total realizada, que, como xa se sinalou ao comezo deste capítulo, é parcial.

2.- **A xeración dunha oferta adicional e específica de servizos de coidados** (especialmente de atención á dependencia e servizos sociais) **e de servizos educativos constitúen a partida principal na achega monetaria** dos valores e principios da ES á economía galega. Estímase que este bloque achega uns **366 millóns de euros anuais**, o que representa o 43,3% da achega total. Este importe distribúese entre as rendas salariais que van aos fogares e o incremento nos ingresos das AA.PP. por medio da recadación de impostos directos e das cotizacións sociais.

3.- **As mellores condicións de emprego nas empresas e entidades da ES é outro importante eixe de contribución á cohesión social**, cuxo importe se cifra sobre 207,5 millóns de euros anuais. Neste bloque a achega máis significativa é aquela ligada ao **diferencial salarial a favor da ES**, é dicir, a que os salarios medios, a igual sector e tamaño da empresa, sexan maiores. Este diferencial supón anualmente unha contribución á cohesión social de 168 millóns de euros. Por outra banda, os beneficios directos asociados á estabilidade no emprego cífranse en 39,5 millóns de euros anuais.

²² Unha identificación polo miúdo dos beneficios asociados a cada potencial efecto e axente desenvolveuse en Martínez *et al.* (2013, pp. 52-57 e 61-66). A súa consulta pode axudar a clarificar as partidas que se cuantificaron en cada un dos efectos.

4.- A xeración de emprego máis inclusivo e en cidades intermedias e zonas rurais produce uns beneficios directos de case 179 millóns de euros anuais, sendo tamén un efecto importante en termos monetarios (representa o 21,1% do total). As dúas partidas máis importantes deste bloque son a ocupación de persoas con discapacidade, que representa un beneficio directo anual de 82,4 millóns de euros anuais, e a xeración de emprego para outros traballadores (non incluídos nas categorías anteriores) de cidades intermedias e zonas rurais (47,3 millóns de euros anuais).

5.- O beneficio directo asociado a que as empresas da ES sexan máis igualitarias en relación a unha menor fenda salarial de xénero supera os 77 millóns de euros.

6.- Os beneficios directos netos están infravalorados xa que non se puideron valorar, ben por falta de metodoloxías axeitadas ou ben por superar o alcance deste estudo, outros beneficios asociados á maior igualdade de oportunidades presentes nas empresas de ES, como a maior facilidade para coller excedencias.

7.- Atendendo á distribución dos beneficios directos por axentes, cómpre sinalar que:

a.- Os fogares obteñen a maior parte deste beneficio neto, que ascende a case 565 millóns de euros anuais, procedentes das rendas salariais netas (descontando o IRPF e as cotas á Seguridade Social a cargo do traballador), que representan o 66,7% do total.

b.- O beneficio neto para os empregadores/as cífrase nuns 20 millóns de euros anuais e recolle as bonificacións nas cotas á Seguridade Social e outras subvencións recibidas por algúns tipos de entidades da ES.

c.- As distintas AA.PP. obteñen un beneficio directo neto duns 244,7 millóns de euros anuais que proceden de ingresos fiscais (IRPF) e das cotas á Seguridade Social. Destes ingresos descontáronse as bonificacións vixentes a determinados colectivos ou tipos de empresas (por exemplo, os centros especiais de emprego) e outras subvencións dirixidas a determinados tipos de entidades da ES. Así mesmo, os ingresos por IRPF calculáronse con tipos medios efectivos, calculados a partir da información da MCVL, é dicir, xa teñen en conta as distintas desgravacións que poden ter algúns dos colectivos beneficiarios.

Beneficios indirectos

Os beneficios indirectos, que se corresponden co gasto que non se realizou grazas ao comportamento diferencial das empresas de ES, cífranse en 21,9 millóns de euros anuais. Esta cifra correspóndese basicamente co aforro en prestacións asociadas a situacións de desemprego, tanto contributivas como asistenciais e recae principalmente no sector público (16,5 millóns de euros). Computouse tamén un beneficio indirecto duns 5,4 millóns de euros anuais para as empresas, que se corresponde cos menores custos de substitución de traballadores (custos de selección e formación) asociados á maior estabilidade no emprego.

É importante salientar que as partidas rexistradas só recollen unha parte dos beneficios indirectos identificados e que, na medida en que se poida avanzar na valoración doutros conceptos para os que actualmente non se dispón de información, esta cifra veríase incrementada de xeito notable.

Beneficios totais

Os beneficios totais netos asociados aos principios da ES galega cífranse en 851,2 millóns de euros anuais, o que equivale ao 1,36% do PIB de Galicia do ano 2018. Do importe estimado para os beneficios totais, o 43,0% está vinculado á creación de oferta en dependencia e educación, o 24,4% ás mellores condicións de emprego e o 21,0% á creación de emprego para colectivos con problemas de empregabilidade.

Por axentes, os principais beneficiarios dos principios da ES son os fogares²³, que reciben 564,6 millóns de euros anuais en rendas salariais netas, o que representa o 66,3% do total dos beneficios netos. En segundo lugar están as AA.PP., cuxo beneficio ascende a 261,2 millóns de euros anuais, co que representan o 30,7% do total; e, por último, as empresas, que obteñen un beneficio neto duns 25 millóns de euros anuais (un 3,0%).

²³ Cabe pensar que estas rendas dos fogares non están a descontar un potencial “efecto desprazamento”. É dicir, que estes postos de traballo poderían ser ocupados por outras persoas non pertencentes a colectivos con especiais dificultades de acceso ao emprego, por exemplo, e que estas rendas salariais irían a outras familias, co que en realidade os beneficios netos do total de fogares se reducirían considerablemente. Con todo, dada a formulación metodolóxica deste traballo, considérase que este efecto de desprazamento é moi pequeno ou nulo posto que:

a) Unha gran parte dos postos de traballo da economía social creáronse precisamente para darlle emprego a estes colectivos (centros especiais de emprego, empresas de inserción, Fundación ONCE, asociacións da discapacidade...) e estes postos non existirían (e, polo tanto, non poderían ser ocupados por ninguén non pertencente a estes colectivos) sen as entidades de economía social. Neste caso o efecto substitución é cero.

b) Outra parte dos postos de traballo da economía social ten unha forte vinculación ao territorio e a micro-explotacións agrarias nas que a empresa mercantil non ten interese (por exemplo, a comercialización de mínimas cantidades de aceite de oliva procedente de minifundios). Precisamente a cooperativa agraria créase para poder realizar esta comercialización, que non podería facerse sen ela.

c) Mesmo supoñendo que houbera efecto substitución nunha determinada porcentaxe de postos de traballo (por exemplo, un traballador de máis de 55 anos dunha cooperativa industrial sería substituído por un de 35 anos), o resultado non afectaría á medición. Neste caso o posto de traballo ocupado por unha persoa non pertencente a colectivos prioritarios non realizaría unha contribución neta á cohesión social e, polo tanto, non se incluíría no impacto medido; do mesmo xeito que tampouco se inclúen outros moitos traballadores da economía social. Cómpre lembrar que se busca medir principalmente a contribución á cohesión social da economía social (a que descansa nos seus valores) e non inclúe toda a contribución económica, que sería moi superior e que si incluíría todos os seus postos de traballo, con independencia das características de quen os ocupe.

Táboa 27. Contribución anual dos valores e principios da economía social á economía galega. Impacto contabilizado en euros.

| | FOGARES | EMPRESAS | AA.PP. | TOTAL | % |
|---|--------------------|-------------------|--------------------|--------------------|---------------|
| BENEFICIOS DIRECTOS | 564.638.770 | 19.978.756 | 244.652.328 | 829.269.854 | 97,4% |
| A. Xeración de emprego máis inclusivo e no ámbito rural | 144.283.107 | 19.978.756 | 14.375.441 | 178.637.303 | 21,0% |
| Traballadores/as con discapacidade | 69.681.057 | 19.684.698 | -6.930.358 | 82.435.398 | 9,7% |
| Traballadores/as en risco ou situación de exclusión social | 4.977.731 | 294.058 | -1.112.157 | 4.159.632 | 0,5% |
| Traballadores/as maiores de 55 (sen discapacidade) | 16.188.602 | - | 10.556.993 | 26.745.595 | 3,1% |
| Traballadores/as de baixa cualificación menores de 55 anos | 7.678.032 | - | 4.454.663 | 12.132.695 | 1,4% |
| Mulleres maiores de 45 anos (non considerados nas epígrafes anteriores) | 4.112.034 | - | 1.707.381 | 5.819.415 | 0,7% |
| Outros traballadores/as do rural (non considerados en anteriores epígrafes) | 41.645.650 | - | 5.698.918 | 47.344.568 | 5,6% |
| B. Mellores condicións de emprego | 133.993.263 | | 73.463.801 | 207.457.064 | 24,4% |
| Estabilidade no emprego | 26.392.504 | - | 13.022.347 | 39.414.851 | 4,6% |
| Maiores salarios | 107.600.758 | - | 60.441.454 | 168.042.213 | 19,7% |
| C. Empresas máis igualitarias (menor fenda salarial de xénero) | 49.466.900 | - | 27.681.365 | 77.148.265 | 9,1% |
| D. Creación de oferta en dependencia e educación | 236.895.501 | - | 129.131.722 | 366.027.222 | 43,0% |
| BENEFICIOS INDIRECTOS | n.d. | 5.422.419 | 16.504.482 | 21.926.901 | 2,6% |
| A. Xeración de emprego máis inclusivo e no ámbito rural | n.d. | n.d. | 15.784.892 | 15.784.892 | 1,9% |
| B. Mellores condicións de emprego | n.d. | 5.422.419 | 719.590 | 6.142.009 | 0,7% |
| C. Empresas máis igualitarias | n.d. | n.d. | n.d. | n.d. | n.d. |
| D. Creación de oferta en dependencia e educación | n.d. | n.d. | n.d. | n.d. | n.d. |
| BENEFICIOS TOTAIS | 564.638.770 | 25.401.175 | 261.156.810 | 851.196.755 | 100,0% |

Fonte: elaboración propia. Datos referidos ao ano 2018.

4. O IMPACTO SOCIOECONÓMICO DE ECONOMÍA SOCIAL GALEGA VERSUS ECONOMÍA SOCIAL ESPAÑOLA

Dado que no ano 2019 se realizou un estudo con obxectivos, metodoloxías e fontes de información idénticas ou moi semellantes ás utilizadas nesta análise, a comparativa dos resultados obtidos en ambas as dúas análises permiten obter algunhas conclusións de interese.

1. Os resultados de ambos os dous estudos confirman a **importancia de abordar a valoración dos efectos diferenciais da ES** fronte á mercantil como unha vía clave para **mellorar o seu coñecemento e a súa valoración** por parte dos actores públicos e privados e mais da cidadanía no seu conxunto.

2. A metodoloxía quedou validada nesta aplicación ao ámbito rexional xa que os resultados presentados neste estudo poñen de manifesto que é capaz de identificar as diferenzas rexionais e as súas implicacións, co cal se permite **un coñecemento mellor das especificidades da ES e do seu impacto no territorio**.

3. **Os impactos dos valores e principios da ES galega no eixe de cohesión social son moi semellantes aos xa contrastados na ES nacional** (Táboa 28). En xeral, **queda confirmada a súa grande achega á xeración dun tipo de emprego máis inclusivo**. A única diferenza observada é que, no caso da ES galega, a súa achega diferencial respecto da economía mercantil no colectivo de traballadores de baixa cualificación non se puido verificar, o que significa que a presenza deste grupo nos cadros de persoal da ES é semellante á que ten na economía mercantil, se comparamos empresas de igual sector e tamaño.

4. Con todo, nos **impactos sobre as condicións de traballo** si se aprecian algunhas diferenzas entre a ES galega e a nacional.

a) Delas, a máis importante é que a primeira paga **salarios medios** aos seus traballadores/as **superiores aos que reciben nas empresas mercantís de igual sector e tamaño**. E este diferencial positivo evidénciase para as diferentes características sociodemográficas e laborais dos traballadores/as. A nivel nacional, a comparativa salarial entre ES e mercantil sinalaba que os niveis salariais medios na ES e na economía mercantil eran semellantes.

b) Pola contra, no ámbito da **diversidade na dirección**, a ES nacional amosaba equipos directivos máis inclusivos e diversos (con máis mulleres, xente nova e persoas con discapacidade). No caso de Galicia, **non se puido contrastar este efecto diferencial fronte á economía mercantil** e conclúese que **ambas as dúas contan con niveis de diversidade baixos e semellantes** na dirección das súas empresas e entidades.

c) Con todo, si **se confirmaron outros efectos relacionados tamén coa igualdade de oportunidades que xa se identificaran tamén a nivel nacional, como as menores fendas salariais de xénero** (fronte ás observadas na economía mercantil).

5. No eixe de achega da ES galega á cohesión territorial confirmase tamén a maioría dos impactos analizados e non queda dúbida da súa contribución positiva ás zonas rurais e cidades intermedias. Con todo, os diferenciais neste eixe coa economía mercantil son menores aos observados a nivel nacional. Seguramente, o feito de que a sociedade e o tecido empresarial galego amose altos niveis de ruralización determina que a economía mercantil teña tamén un nesgo importante na súa localización en zonas rurais e cidades intermedias.

6. Dado que a cuantificación do impacto presentada neste capítulo non ten a mesma delimitación da ES, xa que na análise nacional só se cuantificou o impacto da ES de mercado, non se poden comparar os resultados de ambos os dous estudos.

Táboa 28. Efectos asociados ao comportamento diferencial das empresas e entidades da economía social verificados nas análises de impacto da ES galega e da ES española.

| | Verificación do efecto | | Monetización do efecto |
|---|------------------------|--------|------------------------|
| | Galicia | España | |
| A. CONTRIBUCIÓN Á COHESIÓN SOCIAL | | | |
| 1. Ocupación de colectivos con dificultades de acceso ao emprego | | | |
| Traballadores/as con discapacidade | SI | SI | SI |
| Traballadores/as en situación de exclusión social | SI | SI | SI |
| Traballadores/as maiores de 55 anos | SI | SI | SI |
| Mulleres maiores de 45 anos | SI | SI | SI |
| Traballadores/as de baixa cualificación | NON* | SI | SI |
| 2. Calidade no emprego | | | |
| Estabilidade no emprego | SI | SI | SI |
| Maiores salarios | SI | NON | SI |
| 3. Igualdade de oportunidades | | | |
| Diversidade en la dirección | NON | SI | SI |
| Mayor facilidade para coller excedencias | SI | SI | NON |
| Menor fenda salarial de xénero | SI | SI | SI |
| 4. Oferta de servizos sociais e educativos | | | |
| Servicios a la dependencia y otros servicios social | SI | SI | NON |
| Servicios de educación | SI | SI | NON |
| B. CONTRIBUCIÓN A LA COHESIÓN TERRITORIAL | | | |
| 1. Tamaño da economía rural | | | |
| Creación de actividade económica e emprego | SI | SI | SI |
| 2. Competitividade da economía rural | | | |
| Diversificación produtiva | SI | SI | SI |
| Estrutura produtiva máis adecuada a potencialidades e necesidades | SI | SI | NON |
| 3. Mantemento da poboación | | | |
| Número de persoas que residen en concellos de menos de 40.000 hab. | SI | SI | SI |
| Conservación do patrimonio histórico artístico e cultural ligada ao mantemento da poboación | NON | NON | NON |
| Conservación do medio ambiente ligada ao mantemento da poboación | NON | NON | NON |

(*) Ver explicación no texto.

Fonte: elaboración propia.

CAPÍTULO IV. PRINCIPALES RESULTADOS E CONCLUSIONES

A ECONOMÍA SOCIAL NO TECIDO PRODUTIVO GALLEGO

A información estatística utilizada na análise de impacto permitiu tamén obter unha breve panorámica da situación da **economía social** en Galicia, cuxos principais resultados resúmense a continuación.

A ECONOMÍA SOCIAL NO TECIDO PRODUTIVO GALLEGO

A información estatística utilizada na análise de impacto permitiu tamén obter unha breve panorámica da situación da ES en Galicia, cuxos principais resultados se resumen deseguido.

En relación co peso que os distintos tipos de entidades teñen no conxunto da ES, as comunidades de montes son as entidades máis numerosas, pois representan preto do 40% do total de entidades, seguidas das asociacións e fundacións (20,1%), das cooperativas (18,0%) e das sociedades agrarias de transformación (14,6%). Así e todo, en termos de emprego, as asociacións e fundacións aglutinarían máis dun terzo do total do emprego da ES galega (35,5%), seguidas das cooperativas (20,2%) e das confrarías de pescadores (17,5%).

O desenvolvemento da ES galega por sectores de actividade determina a súa **especialización produtiva**. Os datos indican que la ES galega ten unha forte especialización en Servizos sociais (o peso relativo deste sector na ES é 12 veces superior ao que ten na economía mercantil), Cultura e lecer (6,5 veces superior), Educación (5 veces superior) e Sanidade (2 veces superior). Se se considera só a ES de mercado (sen ter en conta asociacións e fundacións), as diferenzas coa economía mercantil son máis reducidas, pero tamén significativas. A ES de mercado presenta unha especialización alta en Educación (4 veces superior ao que ten na economía mercantil) Servizos sociais (2,3 veces superior) e Agricultura (1,8 veces superior).

Cal é o peso da ES na economía rexional? A ES ten un peso significativo no tecido empresarial galego: 5 de cada 100 empresas ou entidades do sector privado pertencen á ES. Con todo, as diferenzas por provincias non son significativas e o seu peso correspóndense co peso económico de cada provincia. A provincia da Coruña aglutina o 43,9% das empresas e entidades da ES e Pontevedra, un 35,5% adicional, co que acadan en conxunto o 80% deste tipo de organizacións. Lugo representa o 11,2% das entidades e Ourense, o 10,7%.

Por último, en relación cos **niveis de emprendemento**, obsérvase que ao redor do 16,5% das entidades da ES son novas, unha porcentaxe case idéntica ao observado na economía mercantil (16,3%), o que, en principio, indica niveis de emprendemento moi semellantes. As diferenzas por provincias non son significativas.

Respecto da localización sectorial das empresas e entidades máis novas, cómpre sinalar que se observa un forte dinamismo no sector cultural e de lecer (actividades artísticas e

recreativas) xa que o 44,4% das entidades máis novas se situaron neste sector. Séguenlle en importancia Educación (20,6%) e Comercio e servizos persoais (14,3%).

O VALOR ECONÓMICO DOS PRINCIPIOS DA ECONOMÍA SOCIAL

A tese de partida desta análise de impacto pódese concretar en tres preguntas clave: amosan as empresas da ES galega un comportamento diferente ao das empresas mercantís?; se é así, como afectan esas diferenzas á sociedade?; e, por último, como podemos medir eses efectos sobre a sociedade en unidades monetarias?

A hipótese que se busca verificar é que os principios que comparten as empresas e entidades de ES galega se traducen nun comportamento diferencial que lle afecta á configuración dos seus cadros de persoal e ás condicións de traballo dos seus empregados/as, á súa especialización produtiva e á súa localización xeográfica. E que todo iso supón unha importante contribución á cohesión social e á cohesión territorial, que é necesario medir e valorar en termos monetarios para a súa visibilización.

A análise de impacto que se desenvolve aquí afondou na metodoloxía aplicada en Martínez *et al.* (2019) para a ES nacional, que permite medir e valorar unha boa parte dos efectos relacionados cos principios da ES. Esta metodoloxía adéntrase na xeración de valor social (ou da utilidade social), enmárcase na análise con contrafactuais apoiada en amplas mostras e avanza notablemente na valoración monetaria do impacto.

O comportamento das empresas e entidades da economía social é diferente

A nivel empírico, constatáronse a maioría dos efectos teóricos asociados aos principios da ES. Polo tanto, en relación coa primeira das preguntas expostas, cómpre sinalar que as empresas e entidades da ES galega compórtanse de forma diferente ás mercantís e que iso se traduce nunha contribución moi positiva para o conxunto da sociedade.

A economía social contribúe a un crecemento inclusivo e á redución das desigualdades

Os **efectos sobre a cohesión social** céntranse en catro áreas: ocupación de colectivos con dificultades de acceso ao emprego, calidade no emprego (estabilidade e outras condicións de traballo), igualdade de oportunidades e oferta de servizos sociais e servizos educativos.

Os potenciais **efectos sobre a cohesión territorial** agrúpanse en tres grandes áreas: efectos relacionados coa creación de actividade económica e emprego nas cidades intermedias e zonas rurais, efectos relacionados coa competitividade da economía rural e efectos asociados co mantemento da poboación rural.

Os resultados obtidos confirman a existencia dun **comportamento diferencial xerador de valor social** a través de:

1.- **A creación de emprego inclusivo.** A ES galega incorpora, en moita maior medida ca a economía mercantil, colectivos de traballadores con dificultades específicas de acceso ao emprego como mulleres maiores de 45 anos, persoas maiores de 55 anos, persoas con discapacidade e persoas en situación ou risco de exclusión social.

2.- **Maiores niveis de estabilidade no emprego.** As traxectorias laborais dos traballadores/as da ES son máis estables: o 59,7% do seu persoal tivo unha ou máis experiencias de emprego continuadas (non tivo ningún episodio de desemprego) no período analizado, mentres que nas empresas mercantís esta porcentaxe se reduce ao 41,7%. Así mesmo, o número medio de episodios de emprego confirman tamén a maior estabilidade nas traxectorias dos/as traballadores/as da ES (que teñen, de media, 3,8 episodios por cada 10 anos de vida laboral fronte a 10,5 no grupo de control).

3.- **A ES galega conta cunha menor porcentaxe de traballadores/as a xornada parcial** (o 26,7% ten este tipo de xornada fronte ao 35,5% nas empresas mercantís). Ademais, e dado que a parcialidade está moi ligada ao emprego feminino e unha boa parte é non desexada, cómpre salientar tamén que as menores taxas de parcialidade son especialmente favorables á ES nos colectivos con maiores dificultades de acceso ao emprego (mulleres maiores de 45 anos, traballadores maiores de 55 anos, traballadores con discapacidade e traballadores de baixa cualificación).

4.- Os **niveis salariais**, aproximados polo valor da mediana, son **superiores** na ES, tanto para o total de traballadores/as como para a maioría dos colectivos considerados. No caso da ES o valor da mediana, un indicador máis correcto ca a media dada á alta dispersión, a diferenza ascende ao 20,1% (20.626€ na ES fronte a 17.171€ na mercantil). **As diferenzas salariais positivas son aínda maiores no caso dalgúns colectivos con especiais dificultades para acceder ao emprego.** Así, as mulleres cobran un 28% máis de salario na ES; os traballadores maiores de 45 anos, un 22%, e os maiores de 55 anos, un 26%. A diferenza é especialmente elevada no caso das persoas con discapacidade, cuxo salario medio é un 70% máis alto na ES ca na mercantil.

5.- **Menor dispersión salarial.** Os niveis salariais son moito máis igualitarios. A menor dispersión salarial débese sobre todo a unha maior contención nos salarios dos postos de alta dirección e alta cualificación (salario superior ao salario medio global nun 65,0% mentres que na economía mercantil esta diferenza é do 102,0%).

6.- **Maiores niveis de igualdade nas empresas.** Así o amosan os mellores resultados obtidos nas fendas salariais de xénero, que son claramente menores e as posibilidades de conciliar mellor vida familiar e profesional.

7.- **Ampliación da oferta privada de servizos sociais e educativos.** A especialización produtiva da ES en servizos ligados á dependencia e á atención de persoas maiores e con discapacidade é significativa (acada case o 40,0% do total da oferta e aumenta ata o 50,7% no caso dos servizos sociais sen aloxamento fronte a unha presenza do 5,3% no conxunto

do tecido produtivo). Nos servizos educativos a ES ten tamén unha presenza relativamente alta (21,2% dos oferentes).

A economía social xera actividade, emprego e oferta de servizos clave nas zonas rurais

Por último, no ámbito da cohesión territorial, a análise empírica confirma tamén a maior presenza relativa da ES nas cidades intermedias e zonas rurais e a súa significativa contribución á creación de actividade e emprego, á competitividade das economías locais e á fixación de poboación neste ámbito:

1.- A ES sitúase maioritariamente en concellos menores de 40.000 habitantes, especialmente a ES de mercado: o 68,0% do seu persoal reside nestas zonas fronte ao 62,8% das empresas de economía mercantil.

2.- A localización xeográfica da ES ten importantes efectos sobre a economía rural xa que as dúas están vinculadas.

a.- O efecto máis inmediato é a **creación de actividade e emprego:** o 5,1% das empresas e entidades rurais e o 3,6% do emprego rural pertencen á ES.

b.- A contribución da ES ás cidades intermedias e zonas rurais canalízase tamén a través do emprendemento. Así, se se consideran só as empresas máis novas, o 59,6% das empresas de ES situouse en cidades intermedias e zonas rurais (67,4% no caso da ES de mercado) e o 40,4% en grandes cidades. No caso da economía mercantil, estas porcentaxes son do 53,4% e do 46,6% respectivamente.

c.- A distribución sectorial das empresas de ES amosa tamén unha maior dispersión por sectores, co que favorece a **diversificación da economía rural**, un aspecto de grande importancia na súa competitividade.

d.- A ES **mellora a competitividade das economías rurais** a través do desenvolvemento de determinadas ramas, que ou ben permiten un mellor aproveitamento das potencialidades ou ben achegan unha oferta de servizos sociais e educativos que é vital para frear a perda de poboación. Unha boa mostra do protagonismo da ES de mercado no desenvolvemento de tecido produtivo e de valor engadido nestas zonas é o seu peso nas ramas agroalimentarias (o 33,3% das empresas dedicadas á produción agrícola combinada con produción gandeira ou do procesamento de froitas e verduras son empresas de ES. E na produción gandeira esta porcentaxe acada tamén o 24,6%). A presenza da ES é moi significativa tamén na educación e nos servizos á dependencia, co que contribúe de forma decisiva á existencia dunha oferta suficiente e diversa.

e.- A contribución ás zonas rurais vese apoiada por outros aspectos que inciden de forma positiva na decisión de manter a residencia nestas zonas, como é o caso da **estabilidade do emprego e dos salarios**, que tamén son maiores nas empresas da ES.

O impacto dos principios da economía social sobre o emprego

Co obxectivo de aproximar o impacto dos principios da ES compárase o escenario real cun escenario alternativo (e hipotético) no que as empresas da ES “perden os seus principios” e pasan a comportarse como empresas mercantís (adoptan decisións en relación coa contratación, coa especialización ou coa localización semellantes a estas últimas). Os cambios observados dan contido ao impacto dos principios da ES, que pode dimensionarse, como se fai neste estudo, en número de empregos e en unidades monetarias (euros).

O impacto dos principios da ES sobre o emprego, o que sucedería se esta se comportase como a economía mercantil, concrétase nos seguintes puntos:

- **O emprego sería menos inclusivo.** Máis de **6.000 traballadores/as** pertencentes a algún colectivo con dificultade de acceso á ocupación perderían o seu emprego. Deles, 4.578 serían traballadores/as con discapacidade, case 350 traballadores/as en situación de exclusión social e 796 maiores de 55 anos, 328 mulleres maiores de 45 anos e 631 traballadores de baixa cualificación.
- **Con menores niveis de estabilidade.** Ao ano, preto de 5.000 traballadores/as que gozaron de períodos continuos de emprego na ES de mercado pasarían a ter unha ou máis experiencias de desemprego. Deles, 2.700 serían empregados por conta propia (socios das empresas de ES).
- **Con peores condicións salariais.** Posto que os salarios na ES galega son máis elevados ca nas empresas mercantís, se as empresas de ES se comportasen como mercantís, habería **case 40.000 traballadores que verían reducidos os seus ingresos salariais.**
- **Menor igualdade de xénero nas empresas.** As mulleres traballadoras galegas retrocederían en logros laborais. De feito, **máis de 20.000 traballadoras verían como se incrementaría a súa fenda salarial** respecto dos seus compañeiros varóns.
- **E os cadros de persoal perderían posicións na conciliación de vida persoal e familiar** xa que máis de **100 traballadores/as** da ES galega **non se acollerían ás excedencias para o coidado** de ascendentes ou descendentes.
- **E a oferta privada de servizos sociais ou educativos sería menor e máis homoxénea.** Se se anulase a especialización da ES de mercado, perderíanse no sector privado máis de 9.600 empregos en servizos á dependencia e outros servizos sociais e uns 4.300 en servizos educativos, o que lle afectaría tanto ao nivel como á diversidade da oferta nestas actividades.

Identificáronse tamén importantes **efectos da ES sobre a cohesión territorial**, pero a súa medición é moito máis complexa e só puido realizarse para un número reducido deles. Aínda así, os resultados son tamén moi relevantes.

A especialización da ES galega tamén se traslada ao mundo rural, especialmente naqueles **sectores máis ligados ao mantemento da poboación, como os servizos**

socials e a educación. Se estas empresas se comportasen coma as mercantís, nesta contorna desaparecerían 8.762 empregos da oferta privada destas actividades e máis de 7.000 persoas ligadas a estes concellos poderían desprazarse a zonas urbanas.

O impacto dos principios da economía social en termos monetarios

No ámbito deste estudo identificáronse importantes efectos positivos dos principios da ES para os que non foi posible obter unha medición ou unha valoración monetaria por falta de metodoloxías axeitadas ou por desbordar amplamente o alcance deste estudo. Como consecuencia diso, as estimacións do beneficio da ES están infravaloradas.

Aínda coa consideración anterior, **os beneficios totais** (directos e indirectos) que os principios da ES galega achegan á sociedade cifranse en **851,2 millóns de euros anuais, o que equivale ao 1,36% do PIB de Galicia do ano 2018.** Do importe total estimado, **o 43,0% está vinculado á creación de oferta en dependencia e educación, o 24,4% ás mellores condicións de emprego e o 21,0% á creación de emprego para colectivos con problemas de empregabilidade.** Por axentes, os principais beneficiarios dos principios da ES son os fogares, que reciben 564,6 millóns de euros anuais en rendas salariais netas, o que representa o 66,3% do total dos beneficios netos. En segundo lugar, están as AA.PP., cuxo beneficio ascende a 261,2 millóns de euros anuais, o que representa o 30,7% do total. E, por último, as empresas, que obteñen un beneficio neto duns 25 millóns de euros anuais (un 3,0%).

A **comparativa con algunhas partidas de gasto público e privado** pode axudar a tomar conciencia da importancia das cifras sinaladas no parágrafo anterior.

- Os beneficios totais que os principios e valores da ES achega anualmente á sociedade galega (851,2 millóns de euros) equivalen ao 90% de todo o gasto (público e privado) dedicado a educación infantil, primaria e secundaria obrigatoria²⁴.

- Os ingresos directos e indirectos das AA.PP. (basicamente da Administración xeral do Estado), que ascenden, como se sinalou, a 261,2 millóns de euros anuais, representan máis do que gastou a Xunta en 2018 na promoción do emprego e o 70,8% de todo o gasto autonómico en dependencia.

²⁴ No ano 2018 a Xunta de Galicia dedicou a estes niveis de ensino 819,7 millóns de euros e os fogares galegos 130,9 millóns adicionais.

**ANEXO I. APROXIMACIÓN METODOLÓXICA AO
IMPACTO SOCIOECONÓMICO DA ECONOMÍA
SOCIAL EN GALICIA**

1. INTRODUCCIÓN

Non existe unha definición consensuada a nivel internacional respecto do que se considera como “valor social” (Dufour, 2015). De feito, os termos “impacto social”, “creación de valor social” e “retorno social” empréganse a miúdo de xeito alternativo (Maas e Liket, 2011). A National Health Society (2009) recolle que “o valor social é o beneficio adicional para a comunidade dun proceso de adquisición da compra directa de bens e servizos”. No impacto social inclúense todas as consecuencias sociais e culturais para a comunidade de calquera acción pública ou privada que altere as formas en que as persoas viven, traballan, se relacionan entre si, se organizan para satisfacer as súas necesidades e xeralmente se enfrontan como membros da sociedade (Dufour, 2015). Afondando na medición dese valor social asociado á actividade das entidades de ES, Gadrey (2006) vincula a utilidade social á actividade das entidades de ES cuxo obxectivo é contribuír á redución das desigualdades sociais e económicas, loitando contra as diferentes formas de discriminación, desigualdade, marxinalidade e exclusión. Estes obxectivos tradúcense nun fomento da cohesión social e territorial.

Nesta liña, o desenvolvemento de metodoloxías que complementen o impacto económico ou financeiro permite visibilizar o valor social global e a contribución destas entidades á sociedade máis alá da actividade económica, en termos de cohesión social e territorial. Aínda que ata hai apenas unha década a literatura académica empírica sobre a medición do impacto de ES era escasa, na actualidade existen diferentes iniciativas. A nivel de empresa, desenvóléronse diferentes ferramentas para medir os impactos non financeiros e informar sobre eles á sociedade en xeral (Duguid, 2017, Hough, 2015, Brown, Hicks e Leclerc, 2015, Christianson, 2015; Retolaza, San-José e Ruíz-Roqueñi, 2015).

Desde unha perspectiva agregada, a complexidade metodolóxica e a falta de información estatística afecta claramente ao desenvolvemento de iniciativas. Entre as máis interesantes está o enfoque de Social Impact Assessment (SIA), definida pola Asociación Internacional para a Avaliación do Impacto Social como “unha avaliación que inclúe os procesos de análise, monitorización e xestión das consecuencias sociais, intencionadas e non intencionadas, tanto positivas como negativas, das intervencións planificadas (políticas, programas, plans, proxectos) e calquera proceso de cambio social invocado por esas intervencións, cuxo obxectivo principal é lograr unha contorna biofísica e humana máis sostible e equitativa” (Vanclay, 2003, p.6). Este é o enfoque que gañou maior impulso na última década, contribuíndo á difusión da medición do impacto social no terceiro sector. Destaca como aspecto importante deste enfoque o recoñecemento de que o traballo dunha organización con obxectivos e valores sociais esténdese a unha rede complexa de múltiples partes interesadas (*stakeholders*) ou axentes implicados, que hai que ter en conta na súa avaliación (Arvidson *et al.*, 2013, Area, Azzone e Bengo, 2015).

En España, os principios de ES proporcionan un marco de análise para o valor específico das entidades pertencentes a ela. A partir da hipótese de que estes principios supoñen un comportamento diferencial destas entidades respecto doutras empresas, pódese avanzar cara á valoración económica e social deses principios. Para España, un traballo pioneiro na medición do valor destes principios foi desenvolvido por Martínez *et al.* (2013) e aplicado a ES segundo a Lei 5/2011 nun traballo posterior (Martínez *et al.*, 2019). Nestes traballos identifícanse diferentes efectos sociais por axentes ou partes interesadas, e cuantifícanse, utilizando técnicas de contrafactuais, agregando os efectos en dúas dimensións: cohesión social e territorial. É o primeiro traballo coñecido para España onde se monetiza o valor dos principios das entidades da ES, aínda que a súa delimitación non coincide coa actual recollida na Lei 5/2011, posto que o traballo foi anterior á súa aprobación. Aínda con certas limitacións, de definición e de identificación dalgúns efectos, a contribución á literatura

sobre a análise de impacto da ES en España foi moi relevante porque permitiu visibilizar a creación de valor social do sector para a toma de decisións políticas. No traballo posterior, aplicando a mesma metodoloxía e a definición actual de ES segundo a dita lei, monetizan o valor social dos principios destas entidades, tendo en conta aquelas que se consideran “de mercado”, isto é, sen ter en conta as asociacións e fundacións. A metodoloxía aplicada á revisión e á medición dos diferentes efectos enmarcan estes estudos no grupo de análise de impacto con microdatos, contrafactuais e técnicas cuantitativas, uns dos máis completos para poder establecer causalidade na avaliación de impacto.

Posteriormente, Retolaza *et al.* (2015) desenvolven un modelo de contabilidade social e estimación do valor social baseado nos *stakeholders* que permite incorporar o valor social, na súa forma monetaria, empregando estándares contables. Estes autores apuntan que non é posible monetizar o valor social completo con este modelo, aínda que si amosa un valor económico con impacto social, rendibilidade socioeconómica e valor social específico; e para iso, traducen os indicadores de valor social en parámetros económico-financeiros. Estes autores aproximan os efectos do valor social asociados a dúas entidades da ES do País Vasco (Lantegi Batuak e Viviendas Municipales de Bilbao), aínda que deixan pendente a cuantificación dos seus efectos.

2. OBXECTIVO DO ESTUDO

O **obxectivo** deste proxecto é **visibilizar e cuantificar a contribución diferencial** que a ES galega realiza no seu territorio, a través dun crecemento económico máis sostible. É dicir, realizar unha análise de impacto. A tese de partida é que os principios que comparten as entidades de ES -primacía das persoas e do fin social sobre o capital- motivan un comportamento diferente ao das empresas mercantís en canto á composición dos seus cadros de persoal, ás condicións de traballo, á súa especialización produtiva e á súa localización xeográfica. Esta formulación permite realizar unha análise de impacto para coñecer mellor as implicacións que os principios da ES ten sobre a sociedade e chegar a unha valoración económica destes principios.

As achegas deste proxecto están vinculadas ao obxectivo anterior e aos obxectivos específicos seguintes:

- Sistematizar e concretar os efectos xerados pola ES clasificados ao redor de dous eixes: a cohesión social e a cohesión territorial.
- Afondar na liña de avance ao redor da utilidade social, non só ofrecendo un maior grao de concreción dos efectos que se encadrarían dentro deste termo senón achegando medicións e valoracións monetarias de moitos deles.
- Incorporar a Mostra continua de vidas laborais (MCVL) como principal fonte de información para o coñecemento da realidade da ES na rexión e, sobre todo, como instrumento fundamental para a medición de efectos. A MCVL presenta importantes vantaxes e achega un gran valor engadido á análise.
- Adoptar un enfoque xeral da ES, considerando a totalidade de familias ou tipos de entidades que a conforman.
- Desenvolver unha metodoloxía propia centrada na contrastación empírica dos efectos e a súa medición fronte a grupos de control.
- Por último, abordar a valoración monetaria de gran parte dos impactos identificados.


3. DESENVOLVEMENTO METODOLÓXICO

A literatura sobre o impacto da ES presentado no apartado anterior recoñece que o traballo dunha organización con obxectivos e valores sociais implica múltiples partes interesadas

que deben terse en conta á hora de avaliar e medir o seu impacto (Ardvinson *et al.*, 2013, Area *et al.*, 2015, Martínez *et al.*, 2013, Retolaza *et al.*, 2015). As entidades da ES desenvolven a súa actividade na sociedade, e o seu impacto non só debe fixarse nos seus resultados económico-financeiros, senón que se debe abordar outros efectos a máis longo prazo e sobre aspectos -sociais, de xustiza, de transparencia, de igualdade de oportunidades-, que son os que se derivan dos valores e principios propios, e que neste informe se míden como o seu impacto social.

A metodoloxía desenvolvida para estimar o impacto socioeconómico da ES formúlase en varias fases (Gráfico 16). En primeiro lugar, identifícanse os diferentes axentes implicados que van experimentar algún tipo de efecto pola actividade das empresas de ES e, de forma simultánea, os propios efectos teóricos; en segundo lugar, identifícanse as variables que permiten aproximar os devanditos efectos, e contrástanse se poden considerarse efectos diferenciais do comportamento de ES fronte a un grupo de empresas “orientadas á obtención de beneficios”, a través de técnicas case experimentais con grupos de control; por último, valóranse monetariamente os efectos diferenciais para cada axente e agréganse obténdose un impacto global.

Gráfico 16. Fases da análise de impacto socioeconómico



Fonte: elaboración propia.

Fase 1. Identificación de efectos por axentes ou partes interesadas

Os efectos do valor social das entidades de ES preséntanse distinguindo, por unha banda, entre efectos directos e indirectos, e, por outra, entre axentes implicados (Martínez *et al.*, 2013). O obxectivo desta desagregación é dobre: por unha banda, permite visualizar os diversos efectos que presenta a ES sobre cada tipo de axente, e, en segundo lugar, facilita o labor posterior da medición. Para a monetización final, débense facer dúas diferenciacións: os efectos (beneficios ou custos) poden considerarse tanxibles se existe a posibilidade dunha medición económica obxectiva, e intanxibles se a medición é máis complexa e/ou está suxeita a criterios subxectivos.

Nesta primeira fase, preténdese identificar de forma teórica e conceptual os efectos relacionados coa utilidade e o valor social. Como se detectou nos traballos anteriores de Martínez *et al.* (2013) e Martínez *et al.* (2019), a identificación teórica é fundamental, con independencia da posibilidade de valoración económica posterior, debido a que en función da dispoñibilidade de datos poderase ter unha monetización ou non. Así mesmo, as valoracións económicas, no caso dos efectos intanxibles, están suxeitos a criterios subxectivos que poden ser modificados en función da información dispoñible.

A aproximación metodolóxica deseñada nos informes referenciados no parágrafo anterior, permite agrupar os efectos do comportamento diferencial de ES en dúas dimensións: cohesión social e cohesión territorial. Cada dimensión é analizada a través de subdimensións, que avalían de forma teórica o tipo de efecto e axente implicado. No caso de que se reforcen efectos en diferentes subdimensións, recoñécese de forma teórica, pero exclúese na valoración monetaria.

Efectos potenciais sobre a cohesión social

a. Efectos relacionados coa ocupación de colectivos con dificultades de acceso ao emprego

O efecto que ten a ocupación destes colectivos con dificultades de acceso ao emprego é dobre. Por unha banda, prodúcese un aumento da renda do seu fogar comparado coa que tería se estivese desempregada ou inactiva (beneficio directo tanxible), e, por outro, un benestar derivado da satisfacción persoal (beneficio directo intanxible).

Ambos os dous efectos trasládanse á súa contorna próxima (familia e amizades), que necesitan de menos recursos, xa sexan en termos monetarios ou en valor de tempo (beneficio directo tanxible), e engádese o benestar asociado á satisfacción que produce empregar unha persoa próxima (beneficio directo intanxible).

As empresas que contratan a estes colectivos obteñen maiores ingresos asociados a unha dispoñibilidade maior de oferta de traballo e de maior diversidade, que permite unha mellor adaptación dos traballadores aos perfís requiridos pola empresa (beneficio directo tanxible).

O sector público, a través deste efecto, aumenta os seus ingresos fiscais e cotizacións sociais (beneficio directo tanxible) e reduce as prestacións contributivas e non-contributivas relacionadas co desemprego (beneficio indirecto tanxible).

A nivel global, a sociedade incrementa o benestar social derivado dos maiores niveis de ocupación nos colectivos con maiores dificultades de acceso ao emprego (beneficio directo intanxible).

Malia que pode haber particularidades nacionais e rexionais con respecto á consideración de persoas con dificultades no acceso ao mercado laboral, a literatura inclúe dentro destes grupos a: xente nova, persoas con discapacidade, persoas en risco de exclusión social, maiores de 55 anos (sen discapacidade), mulleres maiores de 45 anos (sen discapacidade e menores de 55 anos), persoas con baixa cualificación (non consideradas nos grupos anteriores).

b. Efectos relacionados coa calidade do emprego

A calidade no emprego fai referencia a diferentes características do posto laboral - retribución salarial, estabilidade, tipo de xornada, posibilidades de desenvolvemento profesional. A teoría económica sobre a ES e o sector sen fins de lucro (Hansmann, 1979; Preston, 1989; Rose-Ackerman, 1996) considera que, nestas entidades, aínda que os salarios son máis baixos ca nas empresas capitalistas, os seus traballadores/as obteñen unha serie de beneficios non-monetarios que van máis alá da súa retribución, como o mantemento do posto laboral (Calderón-Milán, Calderón-Milán e Barba-Sánchez, 2020) ou as posibilidades do desenvolvemento profesional (Castro, Bandeira e Santero-Sánchez, 2020). Ademais, en tempos de crise, estas empresas son máis flexibles, co que aumenta a estabilidade dos postos de traballo, xa que o seu obxectivo final non é obter ganancias senón axudar aos seus membros e á sociedade (Borzaga *et al.*, 2019).

Dentro deste ámbito, os efectos que inciden sobre os/as empregados/as inclúen o beneficio asociado ás maiores rendas obtidas no tempo (beneficio directo tanxible) e á maior satisfacción pola mellor calidade do seu emprego (beneficio directo intanxible).

Os efectos principais sobre a contorna próxima coinciden cos relativos á ocupación de colectivos con dificultades de acceso ao emprego, é dicir, son os beneficios derivados da menor dedicación de recursos (beneficio indirecto tanxible) e o benestar asociado á satisfacción que xera unha ocupación de maior calidade (beneficio indirecto intanxible).

Os/as empregadores/as obterán maiores ingresos derivados dun aumento nos niveis de produtividade (beneficio directo tanxible) e menores custos, de tipo variado, asociados á mellora na calidade do emprego (beneficio indirecto tanxible).

O sector público terá un impacto semellante ao recollido no apartado anterior, é dicir, o beneficio directo derivado duns maiores ingresos, impositivos e por cotizacións sociais, así como os menores custos en prestacións (beneficio indirecto tanxible).

A sociedade no seu conxunto terá un maior benestar social (beneficio indirecto intanxible) así como o crecemento económico que se deriva dos incrementos en produtividade e, polo tanto, en competitividade (beneficio directo tanxible).

c. Efectos relacionados coa mellora da igualdade de oportunidades

En xeral, enténdese por mellora na igualdade de oportunidades a existencia dun maior grao de diversidade en postos directivos e de alta responsabilidade; na menor discriminación laboral de mulleres con idades comprendidas entre os 35 e 44 anos (en idade reprodutiva); e nas maiores opcións e facilidades en relación ao aproveitamento de excedencias por coidados (de menores e persoas dependentes). Desde unha perspectiva de xénero, a literatura internacional amosa que as organizacións de ES reducen a discriminación feminina no traballo porque é un dos seus principios explícitos, e porque os seus sistemas de gobernanza permiten que as mulleres membros teñan un mellor acceso aos postos de poder, condición necesaria para asegurarse que se cumpran os principios de igualdade de oportunidades (Teasdale *et al.*, 2011 no Reino Unido; Castro, Bandeira e Santero-Sanchez, 2020 para España; ou Esteves *et al.*, 2015 en Portugal, por exemplo).

Dentro deste ámbito, o impacto sobre os axentes implicados é semellante ao xerado polos efectos relacionados coa calidade no emprego, agás os que inciden sobre os empregadores/as. Neste caso, os efectos producidos son, na súa maioría, beneficios de

carácter directo, como os asociados a unha maior oferta de candidatos/as a postos directivos (beneficio directo intanxible), a satisfacción laboral ou a permanencia, aínda que hai tamén custos directos, como son os de substituír os/as traballadores/as en situación de excedencia.

d. Efectos relacionados coa oferta de servizos sociais

A ES ten un importante efecto sobre a oferta de servizos sociais debido á súa especialización, co que contribúe a aumentar o tamaño e a variedade da oferta dispoñible. Esta ampliación de oferta xera beneficios nos diversos axentes, entre os que destaca o incremento do benestar asociado á súa propia existencia, tanto nos fogares dos propios usuarios/as coma na súa contorna próxima e na sociedade, a nivel global (beneficios directos e indirectos intanxibles). Ademais, prodúcese un beneficio indirecto debido á menor dedicación de recursos por parte da contorna próxima, así como beneficios do sector público semellantes aos que xeran os efectos descritos en apartados territoriais.

Efectos potenciais sobre a cohesión territorial

a. Efectos relacionados coa creación de actividade económica e emprego no ámbito rural

Dentro deste ámbito, considérase o efecto asociado ao maior emprego rural directo, ademais dos efectos sobre a súa calidade e os relativos a unha maior igualdade de oportunidades, destacando a empregabilidade de mulleres e mozas na contorna rural.

O efecto sobre empregados/as (e os seus fogares) inclúe beneficios directos derivados do aumento das rendas (tanxible) e do incremento do benestar persoal asociado a motivos diversos, por exemplo á satisfacción que orixina a existencia de maiores oportunidades de emprego na súa contorna (intanxible). Engadiríase un beneficio, indirecto e tanxible, asociado á maior estabilidade no emprego rural.

Na contorna próxima, debe apuntarse o efecto que produce a creación de emprego no ámbito rural, e que se traduce, principalmente, en beneficios indirectos tanxibles asociados á menor dedicación de recursos e o incremento do benestar asociado á satisfacción pola ocupación dunha persoa próxima (beneficio indirecto intanxible).

Os beneficios que terían os/as empregadores/as relaciónanse co aumento de ingresos (beneficios directos tanxibles) por unha maior e máis diversa oferta de traballo e menores custos por unha maior estabilidade laboral (beneficios indirectos tanxibles), debidos á diminución dos accidentes laborais, así como á menor rotación laboral e, polo tanto, ás menores necesidades de realización de novos procesos selectivos, de contratación e formación.

O sector público incrementa os seus recursos dispoñibles polo aumento dos ingresos fiscais e en cotizacións sociais (beneficios directos tanxibles) e pola redución de gastos en prestacións contributivas e non-contributivas (beneficios indirectos tanxibles).

A sociedade mellora a satisfacción global polo aumento da actividade e da ocupación e mais pola redución de desequilibrios territoriais (beneficios indirectos intanxibles).

b. Efectos relacionados coa competitividade da economía rural

Relacionado co efecto anterior, produciríase un beneficio derivado da maior oferta de bens e servizos no ámbito rural e a menor custo, pola proximidade no seu acceso -custos de busca e transporte menores. A este efecto, cuantificable monetariamente (o menor custo do acceso), engádeselle outro de natureza intanxible: o incremento da satisfacción persoal e global pola existencia destas melloras de competitividade. Ambos os dous beneficios poden asociarse a todos os axentes implicados analizados.

De forma específica, considérase que os/as empregadores/as obterán maiores ingresos, polo maior número de actividades económicas desenvolvidas na contorna (beneficios directos tanxibles).

O sector público poderá dispoñer de maiores recursos, tanto polo seu incremento directo (beneficios directos tanxibles) coma pola redución do gasto en determinadas partidas (beneficios indirectos tanxibles).

c. Efectos asociados ao mantemento da poboación rural

Este bloque é indispensable na consideración de efectos territoriais, aínda que quizais sexa o máis complexo na súa valoración económica. Aquí inclúense os efectos asociados ao menor envellecemento poboacional, á diminución da presión sobre as áreas urbanas, ao aumento da demanda nas áreas rurais, á maior homoxeneidade na distribución de infraestruturas, á conservación do patrimonio histórico, social e cultural, e, por último, á preservación do medio ambiente.

Dentro dos efectos sobre empregados/as, os seus fogares e a súa contorna próxima, deben considerarse beneficios directos tanxibles obtidos pola revalorización das súas propiedades e pola menor dedicación de recursos os seguintes: e beneficio intanxible derivado dun incremento da satisfacción, por melloras na calidade de vida, melloras nas infraestruturas ou mantemento das tradicións, entre outros.

O principal beneficio directo intanxible sobre os/as empregadores/as asóciase cos maiores ingresos que obteñen, xa sexa por un maior volume de negocio ao que terían en ausencia da ES como polas maiores oportunidades de negocio, que non existirían en caso contrario.

O sector público dispoñerá de maiores recursos, mentres na sociedade destaca o incremento do seu benestar pola maior satisfacción xerada por conceptos tales como a mellora na conservación do patrimonio histórico, artístico e cultural, a preservación de actividades en risco de desaparición, como a artesanía²⁵, o mantemento e recuperación da biodiversidade, así como a contribución á loita contra o quecemento global.

Fase 2. Medición de efectos

Na segunda fase realízase unha medición cuantitativa do comportamento diferencial das entidades de ES mediante unha metodoloxía de análise de impacto. Así, a nosa hipótese principal de traballo é que as entidades da ES se comportan de maneira diferencial con

²⁵ CIRIEC (2007): “La Economía Social en la Unión Europea”, informe elaborado para el Consejo Económico y Social Europeo, N°. CESE C 2007-11-ES.

respecto a un grupo de control de economía mercantil (sociedades anónimas e limitadas, orientadas á obtención de beneficios económicos). En particular utilizamos un enfoque case experimental, xa que os/as traballadores/as e entidades non se asignan aleatoriamente a un ou outro grupo de análise.

Para contrastar as diferenzas de comportamento das empresas de ES e do grupo de control, é necesario previamente analizar o conxunto de entidades que están incluídas na delimitación de ES utilizada (ver epígrafe seguinte) e, en función das súas características de tamaño e sector –aspectos fundamentais no comportamento empresarial-, deseñar un grupo de control que sexa estatisticamente equivalente.

Así pois, débese obter un perfil das empresas de ES en canto ao seu sector de actividade e tamaño que se reproducirá á hora de definir o grupo de control, igualándose as distribucións cruzadas por ambas as dúas características. Unha vez definidos os dous grupos, obteranse dúas mostras de traballadores/as, unha para a ES e outra para a economía non-social. Dada a importancia do sector de actividade e do tamaño empresarial nas condicións de traballo, nos casos que foi necesario, utilizáronse coeficientes de ponderación para igualar as estruturas sectoriais e de tamaño de ambas as dúas mostras de traballadores/as.

Polo tanto, as mostras terán o seguinte formato:

$$MES = \sum_{j=0}^m \sum_{i=0}^n E_{1ji} + \sum_{j=0}^m \sum_{i=0}^n E_{2ji} + \dots + \sum_{j=0}^m \sum_{i=0}^n E_{kji} \quad (\text{ecuación 1})$$

$$MENS = \sum_{j=0}^m \sum_{i=0}^n E_{1ji} + \sum_{j=0}^m \sum_{i=0}^n E_{2ji} + \dots + \sum_{j=0}^m \sum_{i=0}^n E_{mji} \quad (\text{ecuación 2})$$

Onde *MES* recolle a mostra de empresas pertencentes a ES e *MENS* a correspondente a empresas fóra da ES, sendo *k* o tipo de entidade dentro de ES, *m* o tipo de entidade do grupo de control, *j* o sector económico e *i* o tamaño empresarial.

O enfoque exposto compara a situación das entidades de ES cunha situación alternativa onde estas perden os seus principios e valores, asumindo que as entidades do grupo de control representan esa situación (non estando “expostas” ao tratamento analizado “principios e valores da ES”).

A análise comparativa recoñece e cuantifica as diferenzas identificadas e amosa cales son significativas a través da aplicación de test non-paramétricos (test de khi cadrado de independencia).

As características das entidades e os traballadores/as do grupo de tratamento e de control amosan unha panorámica inicial das diferenzas entre ambos os dous grupos en termos de cohesión social e territorial. Esa información tradúcese en número de traballadores/as afectados polas devanditas diferenzas, o que permite cuantificar as perdas (postos de traballo, peores condicións, especialización produtiva, etc.) asociadas a un hipotético abandono dos principios e valores da ES. Neste sentido cómpre mencionar que o escenario alternativo construído ten certas limitacións en termos dos efectos incluídos debido ás

dificultades existentes na cuantificación dalgúns efectos como, por exemplo, os efectos intanxibles, así como a falta de información estatística axeitada.

Fase 3. Valoración monetaria dos efectos

Por último, na terceira fase, aplícase unha metodoloxía *ad hoc* para cuantificar en termos monetarios o comportamento diferencial identificado na fase anterior en relación ao emprego e ás condicións laborais. Para tales efectos combínanse os devanditos resultados con fontes externas de información como aquela procedente da Seguridade Social en termos de beneficios fiscais, programas de axuda, subsidios, etc.; así como con información fiscal (tipos impositivos, etc.). Neste sentido para cada un dos efectos identificados na fase 1, só se consideran aqueles que presentan diferenzas estatisticamente significativas na fase 2.

A combinación de información externa coas estimacións sobre emprego e condicións laborais obtidas na segunda fase da metodoloxía require unha serie de hipóteses de traballo. As principais son:

- A metodoloxía deseñada non supón a desaparición das empresas de ES, senón que se analizan as consecuencias de facer que esas empresas perdan os seus valores específicos e pasen a comportarse como empresas mercantís. A diferenza entre os resultados obtidos neste exercicio e os valores reais da ES dános a aproximación ao impacto dos efectos analizados.
- A medición dos efectos relativos á especialización sectorial das empresas de ES e cunha maior presenza nas cidades intermedias e zonas rurais realízase equiparando a presenza de ES nestas actividades á súa presenza media no conxunto dos sectores produtivos.
- A valoración dos diferentes efectos utiliza como referencia valores medios (media ou mediana), considerando desagregación por grupo e categoría, como se fai no caso dos salarios para estimar o incremento de rendas dos traballadores e os seus fogares.
- Para incluír na metodoloxía a diversidade de comportamento relacionada cos diferentes grupos de entidades dentro da ES, os cálculos realízanse ao máximo nivel de desagregación posible por tipo de entidade e logo agréganse. Aplícase o mesmo criterio a grupos específicos de traballadores ou contratos suxeitos a políticas públicas en termos de axudas (subsidios, políticas de bonificacións, etc.).
- Hai efectos con importantes áreas de intersección, que se superpoñen con respecto aos beneficiarios ou ás dimensións afectadas. Estas interseccións tivéronse en conta na avaliación económica para evitar a duplicidade no cálculo.

4. ÁMBITO DA ANÁLISE DO IMPACTO DA ECONOMÍA SOCIAL GALEGA

Delimitación da economía social

Non existe un consenso internacional á hora de delimitar que é ES ou que elementos inclúe esta acepción. En España, a aprobación da Lei 5/2011, do 29 de marzo, de economía social estableceu un marco normativo de referencia para o sector, que clarificou a súa delimitación.

Así, no seu artigo 2 sinala que:

“Denomínase economía social ao conxunto das actividades económicas e empresariais que no ámbito privado levan a cabo aquelas entidades que, de conformidade cos principios recollidos no artigo 4, perseguen ben o interese colectivo dos seus integrantes, ben o interese xeral económico ou social, ou ambos”.

Así mesmo, no seu artigo 4 recolle cales son os principios orientadores da ES:

“a) Primacía das persoas e do fin social sobre o capital, que se concreta en xestión autónoma e transparente, democrática e participativa, que leva a priorizar a toma de decisións máis en función das persoas e as súas achegas de traballo e servizos prestados á entidade ou en función do fin social que en relación ás súas achegas ao capital social.

b) Aplicación dos resultados obtidos da actividade económica principalmente en función do traballo achegado e servizo ou actividade realizada polas socias e socios ou polos seus membros e, de ser o caso, do fin social obxecto da entidade.

c) Promoción da solidariedade interna e coa sociedade que favoreza o compromiso co desenvolvemento local, a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, a cohesión social, a inserción de persoas en risco de exclusión social, a xeración de emprego estable e de calidade, a conciliación da vida persoal, familiar e laboral e a sostibilidade.

d) Independencia respecto a os poderes públicos”.

En canto ás entidades que a conforman, o artigo 5 da Lei de economía social dispón o seguinte:

“1. Forman parte da economía social as cooperativas, as mutualidades, as fundacións e as asociacións que levan a cabo actividade económica, as sociedades laborais, as empresas de inserción, os centros especiais de emprego, as confrarías de pescadores, as sociedades agrarias de transformación e as entidades singulares creadas por normas específicas que se rexan polos principios establecidos no artigo anterior.

2. Así mesmo, poderán formar parte da economía social aquelas entidades que realicen actividade económica e empresarial, cuxas regras de funcionamento respondan os principios enumerados no artigo anterior e que sexan incluídas no catálogo de entidades establecido no artigo 6 desta lei.

3. En todo caso, as entidades da economía social regularanse polas súas normas sustantivas específicas”.

Segundo dispón o artigo 30.I.1 do Estatuto de autonomía de Galicia, corresponde á Comunidade Autónoma de Galicia, nos termos do disposto no artigo 149.1.13 da Constitución española, a competencia exclusiva para o fomento e planificación da actividade económica na rexión. Así, segundo as súas competencias, a Comunidade Autónoma de Galicia deseñou e aprobou unha norma legal para dotar o sector dunha regulación propia en sintonía coa realidade galega.

A delimitación da ES na rexión baséase no artigo 6 da **Lei 6/2016 de economía social de Galicia**, que inclúe as seguintes entidades:

- a) as sociedades cooperativas galegas,
- b) as mutualidades,
- c) as fundacións e asociacións que leven a cabo actividade económica,
- d) as sociedades laborais,
- e) as empresas de inserción,
- f) os centros especiais de emprego,
- g) as confrarías de pescadores,
- h) as sociedades agrarias de transformación,
- i) as comunidades e mancomunidades de montes veciñais en man común, e
- j) as entidades singulares creadas por normas específicas que se rexan polos valores e principios orientadores establecidos na presente lei, a condición de que desenvolvan unha actividade económica e empresarial.

Así mesmo, poden formar parte da ES de Galicia as entidades que realicen actividade económica e empresarial cuxas regras de funcionamento respondan aos principios regulados no artigo 5, e que sexan incluídas no Catálogo galego de entidades da economía social.

Ámbito sectorial e ámbito territorial

O ámbito sectorial desta análise inclúe todas as ramas de actividade correspondentes á agricultura, á industria, á construción e aos servizos.

Respecto ao ámbito territorial, a Lei 6/2016 de economía social de Galicia indica no seu artigo 4 que é de aplicación ao conxunto de entidades de ES cuxo **domicilio social se radique en Galicia** e que desenvolvan a súa actividade empresarial e económica principalmente no seu ámbito territorial, sen prexuízo das competencias que poidan corresponderlle ao Estado. Ademais, enténdese que unha entidade desenvolve a súa actividade empresarial e económica principalmente en Galicia cando estea rexistrada no rexistro galego que lle corresponda en razón á súa natureza.

5. DELIMITACIÓN DA ECONOMÍA SOCIAL NA MOSTRA CONTINUA DE VIDAS LABORAIS

Para os efectos de identificar as empresas pertencentes á ES dentro dos rexistros contidos na MCVL, é importante en primeiro lugar mencionar que a MCVL está organizada ao redor da persoa física, aínda que boa parte da devandita información se refire a situacións (traballar, cobrar prestacións, etc.) das cales unha mesma persoa normalmente tería varias ao longo da súa vida. Polo tanto, a vida laboral dunha persoa está formada por unha serie de situacións que poden ser acoutadas de distintas formas. Para os efectos da MCVL, cada relación é o que transcorre entre unha alta e unha baixa na Seguridade Social e cada unha delas dá lugar a un rexistro no ficheiro de relacións ou situacións laborais na mostra. Alí recóllense, ademais de relacións laborais, outras que sen seren laborais dan lugar a unha alta como cotizante na Seguridade Social. As relacións que aparecen corresponden ou ben a episodios de traballo por conta allea ou propia (altas laborais) ou ben a etapas nas que a persoa estivo nalgunha situación que dá lugar á súa inclusión na poboación de referencia como, por exemplo, cotizar mediante convenio especial ou percibir subsidio de desemprego.

Polo tanto, a identificación das empresas realizarase a través da información contida nos rexistros correspondentes aos seus traballadores/as. En concreto, optouse por un enfoque diferenciado co fin de adecuarse aos trazos diferenciadores que presenta cada un dos tipos de entidades da ES.

En particular, consideráronse dous métodos de identificación:

a.- Identificación directa

Utilizada para aqueles colectivos que poidan ser identificables directamente a través dunha determinada variable.

Utilizada para a identificación de cooperativas e sociedades laborais.

- Cooperativas: identificáronse mediante a letra CIF vinculada ao tipo de entidade que, neste caso, é a letra F.
- Sociedades laborais: neste caso, identificáronse a través do código de conta de cotización, o cal permite identificar o empregador asociado a determinados traballadores/as (trátase de “empregadores” como empresas de traballo temporal, fundacións, entre outras que por diversos motivos é interesante identificar na MCVL). En concreto a MCVL identifica a través dun código (5180) os traballadores/as cuxos empregadores son sociedades anónimas laborais e sociedades limitadas laborais.
- Asociacións: identificáronse mediante a letra CIF vinculada ao tipo de entidade que, neste caso, é a letra G. Posteriormente elimináronse certos grupos, como é o caso dos partidos políticos, sindicatos e asociacións empresariais; tamén se eliminaron as fundacións públicas.

b.- Identificación indirecta

Fai referencia á identificación de colectivos indirectamente mediante a utilización de variables relacionadas coa súa actividade ou coas características dos seus traballadores/as.

A identificación indirecta dependerá das características particulares dos propios colectivos que hai que identificar ou ben dos seus traballadores/as. Este método utilizouse para o resto dos colectivos da ES, dada a imposibilidade dunha identificación directa.

- Centros especiais de emprego: identificáronse en base á porcentaxe de traballadores/as con grao de minusvalía declarada na alta de afiliación dos traballadores/as. Dado que en termos legais os centros especiais de emprego non teñen unha forma xurídica concreta, considerouse como centro especial de emprego aquela entidade xurídica cuxo cadro de persoal estea formado por polo menos un 70% de traballadores/as cunha minusvalía superior ao 70%. Para evitar posibles erros de estimación debido á metodoloxía empregada, tivéronse en conta só as entidades cuxa estimación de tamaño, por número de traballadores, é de 10 ou máis persoas.
- Sociedades agrarias de transformación: identificáronse utilizando conxuntamente as seguintes variables: a letra CIF (letra V, correspondente a outros tipos de entidades non definidas no resto das claves, dentro da cal se inscriben este tipo de entidades) e os códigos de actividade económica da CNAE-2009 correspondentes aos sectores de agricultura, industria da alimentación e da bebida, transformación de alimentos e bebidas e comercio por xunto dos devanditos produtos.
- Comunidades de montes veciñais en man común: identificáronse utilizando conxuntamente as seguintes variables: a letra CIF (letras V e E logo dunha revisión das letras que utilizan

distintas comunidades de montes galegas) e os códigos de actividade económica da CNAE-2009 correspondentes aos sectores de silvicultura (códigos 021,022,023 e 024).

